
CUADRANTE





Nº 3



Vilanova de Arousa


CUADRANTE

CUADRANTE



Revista cultural da
"Asociación Amigos de Valle-Inclán"

Amigos

Vilanova de Arousa

CUADRANTE
CASA DA CULTURA, VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS Nº 66
Xullo de 2001

Director:
Gonzalo Allegue

Subdirector:
Francisco X. Charlín Pérez

Consello de Redacción:
Víctor Viana
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Xestión e administración:
Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:
Marcela Santórun *(ilustración capa e pax. 37)*
Eugenio de la Iglesia *(Encabezamento de capítulos)*

Imprime:
Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

SUMARIO:



Francisco María del Valle Inclán
Vida e Obra

Xosé R. Barreiro Fernández
(Da Real Academia Galega)

D. Francisco María del Valle Inclán, personaxe máis citado que estudiado[1], ten unha traxectoria biográfica un pouco excéntrica, como xa puxemos de manifesto noutra ocasión[2], pero prestou relevantes servicios á Igrexa, á Universidade e á cultura galega.

ORIXE E NACEMENTO

Naceu en San Martiño de Sobrán e foi bautizado o 29-II-1736. Era fillo de D. Pablo del Valle e de Dª María Antonia Inclán.

Gracias á investigación do xenealoxista P. Crespo Pozo[3] sabemos que os primeiros Valle rexistrados pola historia residían en Castro Calbón (A Bañeza, León) e que no ano 1556 os irmáns D. Gaspar e D. Andrés del Valle Gijón gañan na Real Chancillería de Valladolid carta executoria de fidalguía. Posteriormente os Valle aparecen residindo na casa do Castro (Santa María de Estaca de Bares, Mañón, Ortigueira, Coruña). Noticias do arquivo familiar de D. Carlos del Valle Inclán, citadas polo P. Crespo Pozo, indican que os Valle "eran oriúndos de una casa de su apellido que se halla entre Asturias y Vizcaya".

O avó do noso D. Francisco, D. Antonio del Valle, presentou xunto co seu irmán D. Andrés, no ano 1693 a carta executoria gañada no ano 1556 e outras probas que demostraban a súa fidalguía.

D. Antonio del Valle, oficial do exército, participou en forma moi activa na chamada Guerra de Sucesión (1701-1714). O puntual cronista desta guerra o xudeu Bacallar y Sanna, Marqués de San Felipe[4] refírese varias veces as accións militares de D. Antonio del Valle. Ocupada Madrid polas tropas do Arquiduque D. Carlos, Felipe V monta unha ofensiva para recuperar á capital, "envió el Rey al Marqués de Mejorada con quinientos caballos a cargo de D. Antonio del Valle para recobrarla", o que foi posible, sendo recibidas as tropas polo pobo de Madrid con "tantos excesos de alegría, que parecía haber enloquecido la plebe"[5]. D.


[1] Noticias sobre o noso protagonista en Filgueira Valverde, X., "Valle Inclán en su paisaje", *Museo de Pontevedra, IX* (1959), 137-142; Lasso de la Vega, Marqués del Saltillo, *D. Francisco del Valle Inclán, Bibliotecario de la Universidad de Santiago,* 1770-1795, Madrid 1943; González García-Paz, S., *O Colexio de San Clemente de Pasantes de Compostela,* Santiago 1993; Couceiro Freijomil, A., *Diccionario bio-biliográfico de Escritores, III,* Santiago 1953, pp. 447-448.

[2] Barreiro Fernández, X.R., "Francisco María del Valle Inclán ou a extravagancia ó servicio da cultura", *El Catón Compostelano*. Estudios, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela 2000, pp. 15-46.

[3] Crespo Pozo, Fr. Xosé S., "Datos genealógicos de los Inclán y los Valle Inclán", *Museo de Pontevedra IX* (1959), 149-154.

[4] Bachallar y Sanna, V., Marqués de San Felipe, *Comentarios de la Guerra de España e Historia de su Rey Phelipe V, el Animoso, T. I*, Génova (s. f.) (1725).

[5] Bachallar y Sanna, Marqués de San Felipe, *Comentarios*, I, p. 278.



Retrato de don Francisco del Valle Inclán (1736-1804)

Antonio del Valle tamén participou na famosa batalla de Almansa que significou un duro revés para o exército do Arquiduque. Loitou así mesmo na terra de Valencia, onde ordenou queimar Cuarto, "una chica aldea, que despreció el perdón ofrecido por D. Antonio del Valle"[6]. Di o P. Crespo Pozo que foi nomeado Vicerrei de Valencia, afirmación ou noticia que non localizamos na citada obra do Marqués de San Felipe e que temos que considerar errónea porque os cargos de Vicerrei só eran concedidos á alta aristocracia, da que non participaba D. Antonio del Valle.

A súa importante participación na guerra, foi sen dúbida premiada por Felipe V, aumentando a riqueza e o prestixio familiar dos Valle.

Este D. Antonio del Valle casou con Dª María Antonia de la Peña e eran veciños de Bares.

D. Pablo del Valle y Peña, fillo de D. Antonio e de Dª Antonia, naceu en Bares e foi bautizado o 25-I-1705. Protexido pola fama familiar e polo seu parente Frei Tomás del Valle, bispo de Cádiz, viviu nesta cidade. Retornou a Galicia e casou con dona Antonia Inclán, natural da Pobra do Caramiñal.

Deste matrimonio naceu o noso D. Francisco María del Valle Inclán.

Interesa agora referirnos ós Inclán. Procedían de Asturias e tamén tiñan probada a súa fidalguía. O primeiro dos Inclán dos que fai memoria o P. Crespo, D. Antonio de Inclán, O Maior, xa vivía en Currás (Vilanova de Arousa) e debeu pasar a vivir en Caleiro (Vilanova de Arousa) ó casarse con dona María de Ocampo. O seu fillo, don Antonio de Inclán que xa naceu en Caleiro e que casou con dona María Gómez (natural de Boiro), foi rexedor de xustiza do señorío das Xunqueiras e pasou a residir en Sobrán.

O seu fillo, don Miguel Inclán foi oficial do exército. Igual que don Antonio del Valle, do que xa fixemos memoria, loitou no exército de D. Felipe V na Guerra de Sucesión nas campañas de Italia e posteriormente en América, residindo por algún tempo en Bos Aires. Soldado de fortuna debeu merecer de Felipe V prestixio e honores.

Casou con dona Rosa Malvido e da Rúa, da casa de Rúa Nova, residindo nela ata a súa morte. No ano 1751 D. Miguel Inclán e a súa dona fundan a capela vencellada á casa de Rúa Nova.

Morreron sen descendencia, herdando a casa de Rúa Nova a súa sobriña dona Xoana Malvido que casou con D. Xosé Antonio Valle.

O matrimonio de D. Pablo del Valle e Dª María Antonia Inclán tivo varios fillos: D. Xosé del Valle Inclán que ó casar con dona Xoana Malvido recibe a casa-torre de Rúa Nova, o noso D. Francisco Antonio, D. Miguel que posteriormente foi protexido por D. Francisco introducíndoo como familiar seu no Colexio de San Clemente de Santiago, e, polo menos, outras tres irmáns: dona Dominga, dona María Xosefa e dona María Francisca[7].

CURRICULUM

D. Francisco estudiou Artes ou Filosofía no colexio dos franciscanos de Santiago. Concluídos estes estudios, que duraban tres anos, ingresou na Universidade de Santiago para cursar nas facultades de Leis e Cánones carreiras que era habitual cursar conxunta-

6 Bachallar y Sanna, Marqués de San Felipe, *Comentarios*, I, p. 242. Noutro lugar (*Comentarios, I*, p. 309) dise que o 8-V-1707, ocupada a cidade de Valencia, foi enviado D. Antonio del Valle, cun destacamento para recibir en nome do Rei, a homenaxe e sometemento da cidade de Valencia.

7 A información xenealóxica que utilizo, está tomada do P. Crespo Pozo. O lector, sen embargo, deberá ter en conta o artigo de Gonzalo Allegue en *Cuadrante* nº 2: "A Rúa Nova: crónica familiar", que prantexa razoables dúbidas sobre a traxectoria militar dalgúns dos nomeados máis arriba.

mente. No ano 1753 tiña cursados 4 anos de Leis e 2 de Cánones. Descoñecemos por qué razón (pero moi posiblemente porque temía algún tipo de censura por parte do profesorado que o debía xulgar) decide trasladar a matrícula á Universidade de Ávila na que se gradúa de bacharel en cánones neste ano. De inmediato retorna a Santiago e no mesmo ano gradúase de bacharel en Leis nesta universidade, o que parece confirmar as nosas sospeitas de que a graduación en Cánones en Ávila foi para escapar dalgunha represalia.

Xa graduado de bacharel en Leis e Cánones, titulación que o facultaba para substituír cátedras (non para ser titular das mesmas) e para ocupar postos na administración, decide marchar a Madrid. Nesta cidade atopa a protección do Fiscal do Consello de Facenda, D. Diego Ibar Navarro, quen o emprega na administración e dalle pasantías durante 4 anos para obter o título de Avogado dos Reais Consellos para o que non se precisaba o título de Licenciado.

No ano 1758 retorna a Santiago con dous obxectivos: obter unha beca no Colexio de Pasantes de San Clemente (co que tiña garantida a súa sustentación ata atopar un destino conveniente) e concluír a súa carreira en Leis e Cánones que deixara interrompida no ano 1753.

O 30-V-1758 obtén a beca colexial, no ano 1761 gradúase de Licenciado en Leis en Santiago, un ano despois, en 1762, gradúase de Licenciado en Cánones. Neste mesmo ano o 1-V-1762 obtén o doutorado en Cánones e xa en 1765 o doutorado en Leis.

Non era nada habitual estes cortes e suspensións dos estudios e moito menos obter o título de Avogado dos Reais Consellos sen rematar previamente a carreira. Ponse de manifesto xa desde a súa xuventude unha certa anarquía dos comportamentos ou, si se quere mellor, unha actitude pouco habitual nos usos universitarios daquela época.

Na Universidade cubriu varias disciplinas vacantes como profesor substituto ata que no ano 1770 obtén en propiedade a cátedra de Código da Facultade de Leis de Santiago.

Seguía vivindo no colexio de San Clemente do que foi Rector en tres ocasións, privilexio que non era difícil de obter se temos en conta que a penas había catro ou cinco colexiais e, por iso, tiñan que tornarse nos cargos de goberno. Como Rector foi un pésimo administrador, xa que consta que o rendemento de contas que facía, sempre a destempo e a requirimento dos colexiais, era pouco satisfactoria por "muchas partidas falsas o por equivocación o por poca legalidad"[8].

No ano 1774 e sendo Rector foi obxecto dunha especie de moción de censura, acordando os colexiais expulsalo do Colexio, xunto co seu irmán D. Miguel que levaba unha vida escandalosa, alborotando o Colexio "con gritería de varios soldados y otros estudiantes y mujeres que concurrían a acompañarle jugando y divirtiéndose en tocar vigüelas y bailes en el cuarto… de manera que más parece un bodegón que cuarto de una casa ejemplar de estudios"[9]. A pretensión dos colexiais resultou frustrada polo que respecta a D. Francisco que logrou ser defendido na súa pretensión de permanecer como colexial polo Oidor da Real Audiencia da Coruña, D. Andrés Burriel, que sentenciou no seu favor.

En Santiago estableceu íntima amizade con outro ex colexial de San Clemente, D. Miguel Antonio de Montes Piñeiro, cóengo da catedral de Santiago e catedrático de Sagrada Escritura na Universidade. Montes Piñeiro era no ano 1772 Vicerrector da Universidade, pero Rector en exercicio ata 1776. Valle Inclán forma parte do grupo que apoia a Montes Piñeiro. Este, que confía

[8] González García-Paz, S., *O Colexio de San Clemente,* op. Cit. P. 208-209.

[9] González García-Paz, S., *O Colexio de San Clemente,* op. Cit. Pp. 208-209.

absolutamente en Valle, decide envialo no ano 1772 a Madrid para que na capital actúe como unha especie de delegado permanente da Universidade de Santiago, xestionando diversos asuntos, adquirindo libros para a Biblioteca e, sobre todo, informando ó Real Consello nas solicitudes de cátedras, proxectos de estudios, etc. da Universidade.

O primeiro que logra Valle en Madrid foi o nomeamento ó seu favor da cátedra de Prima da Facultade de Leis, a máis remunerada. Unha cátedra que foi atendida por substitutos desde 1773 ata 1779, período que pasou Valle en Madrid. O Claustro maniféstase contrario á súa estancia na capital e, sobre todo, non atopa xustificación para o pago das elevadas sumas que Valle reclama polos seus servicios.

En 1776 cae o seu protector Montes Piñeiro e é nomeado Rector D. Xoán Serrano. Valle comprende que perdeu o favor do Rector e decide retornar a Santiago no ano 1779.

Xa en Santiago lidera ó grupo de oposición ó Rector Serrano, chegando ó extremo de impedirlle a Serrano presidir os claustros. Sabendo ou coñecendo as ilegalidades, Valle Inclán non só impediu ó Rector o exercicio do seu poder para presidir os claustros senón que ademais chegou el mesmo a presidir varios destes claustros que posteriormente o Consello Real anulou.

Como a situación era insostible, os líderes dos dous bloques deciden que sexa o Consello Real quen resolva os problemas Esto determina que novamente Valle Inclán viaxe a Madrid no ano 1779.

O Consello Real decidiu manter a Serrano e Valle Inclán e outros profesores que mais se destacaran no conflicto, foron suspendidos de voz e voto no Claustro por bastante tempo.

Retorna a Santiago novamente, sabendo que na Universidade perdera o poder e que lle agardaban tempos difíciles. Como catedrático era pouco cumpridor, sendo notables as súas ausencias na cátedra o que pode explicarse pola serie de responsabilidades que foi asumindo alleas á Universidade. Sabemos que traballou de avogado, foi asesor de rendas reais do xulgado de Santiago; o arcebispo Raxoi, que o debía ter en gran estima, nomeouno xuíz eclesiástico e suplía as ausencias do xuíz provisor do arcebispado; así mesmo foi consultor do Santo Oficio e membro da Real Sociedade Económica de Santiago. Demasiadas responsabilidades para poder cumprir dignamente na cátedra.

No ano 1788 solicita da Universidade a súa xubilación por levar 18 anos de catedrático e outros 10 de profesor substituto. Pide, por conseguinte, a xubilación cando só conta 52 anos o que xustifica a nosa impresión de escaso entusiasmo pola docencia universitaria. O Claustro, no que non contaba con apoios, negouse a tramita-la xubilación aducindo que os anos de servicios prestados non eran reais xa que as súa ausencias foran numerosas e non sempre xustificadas.

Ante a negativa do Claustro decide marchar a Madrid para premer ante o Consello Real e obter a xubilación. Chégalle esta por Real Cédula do 6-VIII-1795. O Consello Real concedíalle a metade do soldo e o premio honorífico e sen soldo de Oidor da Real Audiencia de Galicia.

D. Francisco María del Valle Inclán foi célibe toda a vida. Descoñecemos cando se ordenou de ordes menores e das ordes maiores só recibiu a de subdiaconado, o que resulta tamén unha decisión extravagante. Que se ordenara de ordes menores parece lóxico porque esto capacitábao para optar a un beneficio eclesiástico non curado. Pero ordenarse de subdiácono significaba asumir tódalas responsabilidades (o voto de castidade entre outras) e sen embargo non gozar dos privilexios inherentes ó sacerdocio.

O feito de decidir non ordenarse de presbítero resulta moi estraño e poucos casos coñecemos parecidos. Aparte de razóns dunha conciencia moi escrupulosa acórresenos, como explicación máis lóxica, a seguin-

te: ordenarse de presbítero significaba que tiña que optar a unha parroquia ou a un beneficio eclesiástico, pero iso implicaba ter que deixar o Colexio porque non era compatible dispor dun beneficio inamovible e manter a residencia colexial. Polo contrario, manténdose como subdiácono só podía dispor de beneficios sinecura e estes non eran inamovibles. Por conseguinte non había incompatibilidade algunha para seguir como colexial.

Por iso aproveitouse toda a vida dun beneficio simple na parroquia de San Martín de Sobrán, ata a súa morte. Polo demais, o clero considerábao como un membro do mesmo, aínda que carecía da facultade de dicir Misa.

Os seus derradeiros anos debeu pasalos xa na Casa-Torre de Sobrán, na casa de súa cuñada e do seu irmán, porque aquí foi onde morreu. Sabemos, porque o dí Murguía, que se conservaba a memoria da habitación na que escribía e estudiaba e na que deixou moitos manuscritos que desapareceron nun incendio que sufriu a casa.

Morreu o 31-X-1804[10]. Fixo testamento ante o escribán D. Xosé Briones, de San Adrián de Vilariño, mandando que se dixeran pola súa alma 300 misas e deixou como cumpridores ó irmán D. Xosé Antonio del Valle, ó seu sobriño D. Xoán Manuel e a D. Francisco María Patiño, todos veciños de Sobrán. Trinta sacerdotes acompañaron ó cadáver de D. Francisco, que foi enterrado "a un lado de la puerta traviesa de esta iglesia de San Martín de Sobrán".

OBRAS

Carré Aldao[11] atribúelle dous traballos ou escritos contra Masdeu, un, no que "con gran entereza y acopio de datos y razones" defendía o chamado Voto de Santiago contra o que Masdeu escribira no Suplemento I do tomo XVI da súa magna obra Historia Crítica de España[12], e outro sobre o celtismo, tamén contra Masdeu. Carré non cita os títulos destas supostas obras.

Como xa demostramos noutro lugar[13] estamos ante unha confusión de Carré, seguida, pola inercia intelectual deste país, por outros autores posteriores. Carré refírese, sen indicalo, a unha obra titulada *Disertación remitida á Roma en defensa del Diploma de Ramiro I* que apareceu anónima e que nada indica nela que fora redactada por Valle-Inclán, nin coincide co seu estilo.

Polo que respecta ó celtismo, Carré, que non puido ler o *Catón Compostelano* porque este xornal non aparecera íntegro, confunde as referencias que Valle-Inclán fai ó celtismo no periódico Catón cunha suposta obra contra Masdeu. A proba máis evidente é que Masdeu, que nunca deixaba sen refutar as críticas que recibía, non aluda para nada a esta suposta obra.

As únicas obras que se lle coñecen, aparte de Informes elaborados por encargo da Universidade que, por iso, non levan o seu nome, ou de escritos como a *Relación de méritos*[14], son o *Catón Compostelano*, primeiro xornal de Galicia, e unha obra manuscrita titulada *Prenociones a la inteligencia de las Santas Escrituras*.

O *Catón Compostelano* foi fundado por Valle-Inclán no ano 1800 e por iso foi o primeiro xornal ou revista periódica de

10 Arquivo Diocesano de Santiago, (Fondos Parroquiais, Sobrán, Defuntos)

11 Carré Aldao, E., "El primer periódico gallego. El Catón Compostelano", BRAG, 101 (1916), pp. 107-111.

12 Masdeu, J. F., *Historia Crítica de España y de la cultura española,* 21 tomos (Madrid 1784-1805). Unha das obras fundamentais do século XVIII e comezos de XIX.

13 Barreiro Fernández, X. R., *Francisco María del Valle Inclán*, vid. Nota 2, pp. 34-35.

14 Foi publicada por González García-Paz, *O Colexio*, op. Cit. Pp. 359-361.



Claustro do Pazo de Fonseca. Santiago de Compostela (Arquivo Editorial NIGRA)

Galicia[15]. A tirada debeu ser tan curta que non se coñecía máis que unha colección completa do xornal. Na Biblioteca Nacional había 16 números e era a máis completa, xa que consta de 21 números. Nas bibliotecas galegas só había tres números. Por iso tódolos historiadores que se referían ó *Catón Compostelano* fundamentábanse nos números coñecidos.

A Consellería de Cultura adquiriu, fai a penas dous anos, a única colección conservada e o Consello da Cultura de Galicia publicou o orixinal e un libro de Estudios sobre o mesmo[16]. A aparición pública do primeiro xornal ou revista galega foi un acontecemento cultural como salientaron os medios de comunicación social.

O *Catón,* que durou 21 números, non foi escrito exclusivamente por Valle Inclán, aínda que a súa pluma foi cuantitativamente a máis importante. Quixo que o seu periódico fora unha especie de púlpito que puideran utilizar outras moitas persoas. De feito sabemos que (sempre en forma anónima ou escondidos en pseudónimos ou en siglas) varios intelectuais colaboraron nas súas páxinas.

Masdeu, moi atento a todo o que se escribía no seu favor ou en contra, e que dispuña en Santiago dun informador, contestou ás críticas que se lle fixeron neste periódico en forma bastante airada[17].

O *Catón* non era un periódico informativo senón doutrinal. Cunha finalidade didáctica e un pouco pastoral, Valle e os demais colaboradores impartían doutrina, unha doutrina ilustrada, pouco atenta ós avances experimentados no mundo. Lendo as súas páxinas parece que aínda non tivera lugar a Revolución Francesa.

15 Aparecido no ano 1800, descoñecemos cando rematou xa que ningún numero agás do primeiro, leva data. Saíron 21 números.

16 *Catón Compostelano*, Ed. do Consello da Cultura Galega, Santiago 1999.

17 Masdeu, *Historia Crítica*, Tomo XXI, Madrid 1805.

A OBRA INÉDITA. *PRENOCIONES A LA INTELIGENCIA DE LAS SANTAS ESCRITURAS*

Sabemos que concluíu esta obra cando estaba en Madrid, no ano 1779. Como pretendía que esta obra servira para proxectar cambios profundos tanto no ensino das linguas clásicas como na elaboración dunha nova edición Políglota da Biblia en España, parece ser que remitiu un exemplar ó Rei, a través do Secretario do Estado, Conde de Floridablanca, e outro ó Papa Pío VI.

Resulta sorprendente que Valle-Inclán, que era catedrático da Facultade de Leis, non publicara cousa algunha xurídica e, en troques, a súa obra máis importante se refira á Sagrada Escritura.

Consta que tiña unha boa formación da lingua hebrea (que el mesmo di lle ensinou un hebreo, pero católico), da lingua grega, latín e posiblemente dalgunha outra lingua clásica, dada a familiaridade coa que escribe sobre o caldeo e outras linguas.

A tese central da súa obra é a seguinte: o texto oficial da Biblia (de acordo co Concilio de Trento) é a Vulgata latina. Pero a Vulgata, atribuída como se sabe a San Xerome, non puido ter en conta os centos de manuscritos que foron aparecendo. Valle quedou abraiado cando tivo nas súas mans a edición do Antigo Testamento realizada por Kennicott e publicada en Oxford entre 1776 e 1780, en base ós 700 manuscritos estudiados. Entende Valle que a edición da Vulgata contén innumerables erros que, as veces, afectan a partes substanciais do texto bíblico. Por iso propón unha edición Políglota, que realice no século XVIII o papel da Políglota de Cisneros.

O libro contén moitas críticas e, sobre todo, un proxecto valente que rozaba en moitas ocasións coa ortodoxia establecida, non en materia dogmática senón unicamente na cuestión de declarar auténtica unicamente a edición da Vulgata o que para Valle significaba un disparate.

Lamentablemente as críticas e razoamentos de Valle non foron escoitados. Máis aínda, porque nun artigo aparecido no *Catón* aplicara a súa crítica ó texto bíblico e rexeitara a existencia dun patriarca, chamado Kainan, no Antigo Testamento, porque a crítica esexética demostraba que este pseudoprofeta fora introducido na Vulgata en forma escasamente correcta, o Santo Oficio, por decreto do 18-III-1801 obrigou a borrar a frase e non contento con iso introduciu o *Catón Compostelano*, namentres non se fixera esa corrección, no *Índice de Libros Prohibidos* do ano 1805.

Valle Inclán xa non puido saborear a agridoce experiencia de ver o seu nome no Índice, porque morrera no ano 1804, pero coñecendo a súa capacidade subversiva (da que lamentablemente a penas falamos neste artigo) é moi posible que a condena provocara nel unha reacción que o levaría, polo menos, a redactar algún escrito contra a Santa Inquisición, denunciando a súa ignorancia e os atrancos que poñía ó avance da ciencia eclesiástica. Para iso lle sobraban folgos e suficiente coñecemento do Santo Oficio por dentro xa que por algo fora Consultor durante anos do mesmo.

A non publicación da súa obra *Prenociones,* cuio texto D. Ramón del Valle Inclán, pai do gran escritor, doou a Murguía, e hoxe atópase no Arquivo da Real Academia Galega, impediu que o noso D. Francisco fora coñecido en toda España. Pero basta que fora o fundador do primeiro periódico de Galicia para que a súa gloria sexa perenne.


EL CATON
COMPOSTELANO.

DISCURSO III.

SEÑOR EDITOR:

PUes V. há tenido á bien acceder á mis instancias, es consiguiente que cumpla yo mis ofertas. Asiento, que *las Lenguas que hoy se hallan en España son en su fondo las mismas que nos han dejado los primeros Pobladores.* Para hacer esta aserción demostrable, tengo que tropezar con un monton de preocupaciones, de que es preciso desembarazarme

A LINGUA GALEGA NA OBRA DE VALLE-INCLÁN: DENOMINACIÓNS E INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS

Francisco X. Charlín Pérez

Lembraba Bouza Brey no ano 1966[1] *—co gallo do centenario do nacemento de Valle— que cando "ya mozo, me acercaba, en Madrid, por "La Granja del Henar", aquel café de la calle de Alcalá en cuyo patio pontificaba don Ramón, recibíame este con una sonrisa cordial que llenaba de orgullo a la vista de los contertulios mis veinte y pocos años. En uno de los espacios que en el diván tenía siempre vacíos a sus lados, me hacía sentar para preguntarme mil cosas de Galicia, con tanto más interés cuanto menos conocido era el tema para los presentes. Gustaba de creer o de hacer creer que éramos ambos de un país lejano y misterioso, dotado de una fabla arcaica y secreta, en cuyo espírito no podían penetrar los no iniciados oyentes" e proseguía o escritor e prehistoriador vilagarcián recordando que naquel entón —corría a metade da década dos vinte— Valle lle fixera sobre o seu labor literario algunhas declaracións sorprendentes: "Tal y como que sus obras de temas de Galicia las escribía primeramente en gallego y después las traducía , conservándole así la sintaxis".*

Nestas declaracións fanse evidentes dous importantes aspectos relacionados coa língua galega dentro da obra de Valle-Inclán que son os que constituirán o noso obxecto de análise: o primeiro deles é a denominación "fabla arcaica" (que reproduce Bouza Brey) e que ao lado doutras como "fabla antígua", "fabla visigótica" ou "dialecto" aparecen de forma recurrente na súa obra para referirse ao galego como a lingua na que falan algúns personaxes.

O segundo aspecto, motivo de interese para nós (e tamén recordado por Bouza Brey como unha das declaracións que o propio Valle lle fixera), son as interferencias lingüísticas que mediante a introducción de léxico e de estructuras gramaticais propias do galego inzan a súa lingua literaria.

Para o estudio do primeiro deles buscaremos a xénese desas denominacións —fabla arcaica, visigoda, dialecto— no ambiente filolóxico e literario que rodeou a Valle na súa época de formación de Galicia. Na análise do segundo, procuraremos indagar na orixe literaria ou popular destas interferencias e ao mesmo tempo clasificalas atendendo aos criterios de se son ou non intencionadas, da súa aparición en obras ambientadas ou non en Galicia ou de se se presentan nos parlamentos dos personaxes ou nas narracións do autor.

Aparte hai que considerar que Valle tamén intercalou nalgunha das súas obras, fragmentos —a maioría deles en verso— integramente escritos en galego. Algúns exemplos destes son, como se sabe, as cantigas de orixe popular ou glosas destas que o escritor galego engade ao final dalgúns poemas de *Aromas de Leyenda*, as que na colección de contos *Jardín Umbrío* aparecen nos relatos "Nochebuena" —con panxoliñas tradicionais da súa vila natal— e "La Adoración de los Reyes", a que serve de final á

[1] Bouza Brey, F: "Los escritos de Valle-Inclán" en "Café con gotas y su primera poesía" (Santiago 1888).

novela breve “Eulalia” recopilada en *Corte de Amor*:

“¡Ei ven o tempo de mazar o liño!
¡Ei ven o tempo do liño mazar!
¡Ei ven o tempo, rapazas do Miño!
¡Ei ven o tempo de se espreguizar!”

Ou as recitadas en *Águila de Blasón* por Liberata la Blanca:

¡Vexo Cangas, vexo Vigo
tamén vexo Redondela!
¡Vexo a Ponte de San Payo,
camiño da miña terra!

E en *Romance de Lobos* por Paula la Reina:

¡Eh , meniño, eh!...
Para Santo Tomé...
¿Teu pai quen foy?
¿Tua nay quen é?...
¡Eh, meniño eh!...

Aparte debemos situar ao poema “Cantigas de vellas”, datable en 1915 e que Carballo Calero considera o único texto cabal escrito en galego.

Sobre as causas desta exigua aportación literaria de Valle en lingua galega, parece lóxica a opinión de Paz Andrade[2] quen pensa que o “sincretismo idiomático” que Valle cultivou, responde a elección estética e non determinou a súa escasa producción en galego. As causas estarían en que cando Valle comeza a súa carreira no mundo das letras “el gallego era poca cosa como instrumento literario” xa que a pesares do seu grande cultivo poético “su empleo en la prosa era prácticamente nulo”. Por iso —pensa Paz Andrade— o seu cultivo sería difícil para o escritor vilanovés quen “desde el primer momento, y con entrega absoluta, se convirtió en un profesional de la literatura, superior



Retrato de García Blanco

a la circulante en el mercado, pero con destino al mercado” e, daquela “tales ambiciones exigían un ámbito que sólo estaba a su alcance escribiendo en castellano. Aunque, por su contenido, las obras fuesen gallegas”.

Tamén é clarificador para entender isto, a descripción do estado de cousas que afectaba á literatura galega no período coñecido como “antre dous Séculos” (1890-1915). Neste momento a producción literaria en galego era fundamentalmente poética, cun cultivo da prosa prácticamente nulo ata que a partires de 1916 —cando xorden as Irmandades da Fala— e xa nos anos vinte coa aparición dos membros da Xeración Nós o cultivo da prosa se equipare ao da poesía. Desto eran plenamente conscientes naquela altura do século.

Así Manuel García Blanco[3] vía deste modo a situación nun informe que elabora no

[2] Paz Andrade, V.: *La anunciación de Valle-Inclán*. Akal. Madrid. 1981. 2ª Ed.

[3] García Blanco, M.: *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*. *Imprenta El Norte de Galicia*. Lugo.1912.

ano 1912, cando un xa consagrado Valle-Inclán fixa a súa residencia en Cambados: "La literatura gallega contemporánea es exclusivamente poética, más aún, lírica y humorístico-descriptiva. Mientras se escriben versos y más versos de tal carácter y contenido, carecen de cultivo en nuestra lengua, o lo tienen escasísimo y pobre, otros géneros literarios que por su índole se hallan más al alcance de toda suerte de lectores (...) por ejemplo el teatro, la oratoria, la novela, el periodismo; casi no tenemos, en suma, literatura en prosa". E continúa cunha alusión clarísima ao tema que nos ocupa, que val a pena reproducir "in extensum": "Y sin embargo Galicia es tierra de dramaturgos, de buenos periodistas, de excelentes novelistas, y no escasean los libros ameno-descriptivos que tienen por asunto nuestro suelo, nuestras tradiciones, costumbres y peculiar psicología, siendo gallegos por todo excepto por la lengua. Consideremos lo que al esplendor actual de las letras castellanas contribuye la labor de tantos y tan estimables ingenios galaicos, y podremos fácilmente calcular de cuánto se ve privada la literatura gallega, por no servirse de nuestra lengua muchos y muy geniales cultivadores gallegos de la castellana. ¿Y por qué estos ilustres literatos rehúsan asociar su nombre a la noble y magna empresa del resurgimiento de una lengua y una literatura gloriosas? Seguramente porque

"Escribir nada máis pr´unha provincia,
Ou com´os pobos árcades fixeron,
Escribir sobr´a casca d´os curtizos,
Cáseque todo ven a ser o mesmo".

Y sin duda se requiere la más heroica abnegación para renunciar a un renombre tal vez mundial, por una reputación que, dado el desconocimiento que de nuestra lengua existe, por falta precisamente de un cultivo literario intenso y copioso, muy sólidos fundamentos habría de tener para traspasar los límites de nuestra pequeña región".

Cáseque non precisan comentarios os argumentos de García Blanco. Desde o brillante inicio do Rexurdimento literario —fundamentalmente en clave poética— no último tercio do século XIX, con senlleiros e mesmo universais poetas como Rosalía, Pondal ou Curros ata a década dos anos vinte do século pasado, a producción literaria en galego presentará un notable corpus lírico pero un cativo desenvolvemento da prosa en tódalas súas facetas na que aínda estaba todo por facer.

Valle-Inclán, que decidira "vivir" de escribir non tivo ou non podía ter esa "heroica abnegación" que a bo seguro o tería convertido nun adiantado da narrativa galega. Seguiu, sen embargo, outra tradición, outro camiño, o da literatura en castelán escrita por galegos como Pastor Díaz, Vicetto, Murguía, ou a obra en prosa de Curros ou a propia Rosalía, como ben sinala Rubia Barcia[4]. Dela toma non só temas, senón tamén toda unha visión de Galicia de factura literaria que mesturará coa da súa propia experiencia vital. Desta maneira situacións, temas, folklore e paisaxe, serán en parte inspirados a Valle por estes precursores de obra en grande parte esquecida. Tamén toma parcialmente destes antecesores —sobre todo dalgunha das novelas de Vicetto e dos contos de ambiente galego da Pardo Bazán— a caracterización lingüística de personaxes ou a creación de ambientes mediante a introducción de galeguismos nos diálogos ou nas acotacións.

Nestas interferencias léxicas e gramaticais e nas denominacións utilizadas para referirse ao galego vai ser —como antes dixemos— onde centraremos a análise da presencia lingüística galega na obra de Valle.

4 Rubia Barcia, J.: *Valle-Inclán y la Literatura Gallega*. Hispanic Institute in the United States. Columbia University. New York.1955.

I REFERENCIAS Á LINGUA E DENOMINACIÓNS UTILIZADAS

DON RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN

FARSA Y LICENCIA DE LA REINA CASTIZA



Desde os seus primeiros escritos, o escritor arousán introduce alusións á lingua galega para indicarnos o idioma no que se expresan determinados personaxes. Así no conto "A Media Noche" (1889), cando o xenete e espolista teñen que decidir que camiño coller na encrucillada de Framil, ao falar o segundo e preguntar: "¿Por qué mano echamos?" especifícase dicindo: "preguntó en su dialecto". A partir deste momento, as intervencións nos diálogos do espolista están interferidas de léxico e sintaxe galegas, mesmo indicando en cursivas términos como "sona", "bouza", "macidáns", "creto", "serán"...

Nunha das Cartas Galicianas, "Por la tierra saliniense. El castillo de Lobeira", cando o protagonista desce do monte Lobeira, cruza cunha "moza aldeana, encendida como las cerezas" que "con el dejo cantarín del dialecto" dalle os bos días. No conto "Mi hermana Antonia", a avoa "que había venido en una mula desde su casa de la montaña, que estaba a siete leguas de Santiago (...) nos habló en dialecto" dicindo: "Murió la vuestra madre...". En *Sonata de Otoño*: "Allá lejos, pegados a las tapias del Palacio, cruzaban dos criados hablando en dialecto".

Este, o de "dialecto", é un dos términos cos que Valle se refire ao galego. Sen embargo, faino co sentido que este aínda mantiña no século XIX e a comezos do XX, non co que agora lle damos de "variante xeográfica ou social dunha lingua". Aquel ten a súa orixe na tradición gramatical e léxica iniciada no século XV coas linguas romances, que reservaba o término "lingua" para as que tiñan uso cortesán e cultivo escrito e "dialecto" para as que nese intre só eran de uso oral. Xa no XIX, co renacer literario de moitas linguas ata entón minorizadas, ambas denominacións comezan a simultanearse indistin-

tamente xunto coa de "idioma" (á que nos séculos XVII e XVIII se lle daba o sentido de "variedade social"), "fala" ou "fabla" e "lingua" en canta publicación periodística ou en librería abordase cuestións ou debates de tipo lingüístico.

Así por exemplo, no debate que a finais da década dos oitenta do século XIX se establece —estando Valle-Inclán estudiando na universidade compostelá— sobre a necesidade de criar unha Academia que pulira o idioma e establecera uns criterios ortográficos, referíanse a esta como a institución que había de ser "un sello de autoridad" para "todos aquellos que se dedican a escribir en melífluo dialecto del país", ou o instrumento máis adecuado para "perfeccionar la lengua de nuestros mayores" e lograr o esplendor "de nuestro idioma patrio". En 1875 a Deputación de Ourense fala de "la conveniencia de difundir la dulcísima habla de Galicia"[5].

Aínda en 1912 García Blanco[6] aclaraba que "sólo por un carácter meramente secundario suelen distinguirse los idiomas de los dialectos: el uso nacional, que tienen los primeros y de que los segundos carecen. Por consiguiente, la lengua gallega puede sin petulancia denominarse idioma, puesto que es privativo y peculiar lenguaje de un pueblo, como sin afrenta se le puede llamar dialecto, ya que no es lengua oficial de una nación". A propia Rosalía de Castro fala do "dialecto suave e mimoso" no prólogo de *Cantares Gallegos* e en cambio de "lengua gallega" no de *Follas Novas*. A única vez que Valle utiliza o término "lingua" é na novela breve "Eulalia", recopilada en *Corte de Amor* onde "una cuadrilla de segadores pasó llenándola con sus gritos de su lengua visigoda". Mantén, polo tanto, o escritor arousán o criterio de simultanear estas definicións de lingua aprendidas na súa etapa formativa, sen mudalas posteriormente a pesar da separación que a lingüística moderna decreta para ambas nocións xa en vida do autor.

Canto ós outros términos con que de xeito recurrente Valle alude á lingua de Galicia, atopamos os que seguen: "fabla visigótica", "fabla arcaica" ou "antigua", "romance arcaico" e "lengua visigoda". Ádega —a pastora protagonista do conto homónimo logo integrado en *Flor de Santidad*— tiña "un hermoso nombre antiguo" e "hablaba el romance arcaico, casi visigodo de la montaña", convertido en *Los Cruzados de la Causa* en "el gallego arcaico y cantarino de las montañesas" que falaba Basilisa, a muller do mordomo Pedro de Vermo. O paxe Florisel aparece caracterizado tanto en *Sonata de Otoño* como en *El Marqués de Bradomín. Coloquios Románticos* por "su fabla visigótica". En "Aromas



Antonio de la Iglesia

[5] Hermida, C.: *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento*. (1840-1891). Ed. Xerais. Vigo.1992.

[6] op. cit.

de Leyenda" en *Claves Líricas,* no poema AVE, Galicia é a "tierra de la fabla antigua, hija de Roma; que tiene campesinos arrullos de paloma".

A orixe destas denominacións —fabla visigótica, antigua, arcaica— hai que procurala tamén no ambiente e ideas que rodearon o renacer filolóxico e lingüístico (en consonancia co historicismo dominante) na segunda metade do XIX en Galicia. Así un dos acontecementos máis destacables foi o do descubrimento do ilustre pasado do galego medieval, ata entón esquecido. Quen primeiro dera noticia do espléndido cultivo literario de que este fora obxecto no medievo foi Verea de Aguiar en 1838 na súa *Historia de Galicia*, ao comentar o achádego de poesía medieval escrita en galego no manuscrito de Baena conservado no Escorial.

Logo iranse facendo eco progresivo destas e outras novidades outros historiadores a partires de aquí.

Pero o que realmente resultou ser un fito na popularización desta idea de antigüidade textual foi a publicación en 1885 —cando xa Valle-Inclán estaba cursando estudos na Universidade de Santiago— do volume de Antonio de la Iglesia *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*[7], no que se ofrecía unha antoloxía de textos literarios —coa novidade dos atopados no Cancionero da Vaticana— e documentos medievais. Neste volume facíase unha "excursión de ida hacia los orígenes ignotos de nuestra fabla dulce y cautivadora" na procura de "antigüedad mayor de la que algunos querían concederle". Para probala, Antonio de la Iglesia acudía por exemplo, ao coñecido pranto de Alfonso VI polo seu fillo morto na batalla de Uclés, que aparece na historia deste rei de Fr. Prudencio de Sandoval. Neste texto, o autor interrompe o seu relato para transcribir "en la lengua que se usaba" as palabras que o rei exclamara ante o fillo morto: "¡Ay meu fillo! ¡Alegría do meu corazón! ¡Alegría do meu corazón e lume dos meus ollos!...". Reproducido o pranto, continúa Antonio de la Iglesia: "Sentado esto, y reconocida la pureza de esta sentidísima <u>fabla</u>, que no es otra cosa que la mismísima gallega, reconoceremos también otra conclusión que, al prometer el famoso Luis Vives en sus Comm ad lib 8 de Civit. Dei. C9, traducir en la lengua latina "un antiquísimo libro que en la española de <u>tiempo de Recesvindo</u>, cuyo se cree era "trataba de las "costumbres de sus naturales", esto es, por los años de 640 (...) esa lengua española de la cual iba a hacer su traducción aquel varón señaladísimo, esa lengua española ¿cuál había de ser sino la gallega, el romance usado en Toledo en el año 1108?", e remata "pero no es de extrañar tal antigüedad en el idioma gallego, remontado al VIII siglo, año de 562, en el Tercer Concilio de la Santa Iglesia de Lugo, al que remitió S. Martín, arzobispo de Braga "los ochenta y cuatro cánones y capítulos eclesiásticos que había recopilado y traducida de latín en romance, el romance de Galicia, el romance de Braga, el romance de Iberia".

Non parece necesario dar máis explicacións para decatármonos de onde está a orixe de expresións como "romance arcaico", "fabla visigótica", tan características do xeito de presentar determinados pasaxes que ten Valle e que serían impensables na Galicia anterior a este movemento de indagación historicista, no que se popularizaron ideas como a de que o galego era a protolingua peninsular ou "fabla" do tempo dos suevos e visigodos.

José Luis Pensado considera que entre as denominacións "fabla visigótica", "fabla visigoda", "romance arcaico casi visigodo" por unha banda, e "dialecto" por outra "hay enormes distancias, ya que la primera inten-

[7] Iglesia González, Antonio de la: *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*. Latorre y Martínez Editores. Imprenta La Voz de Galicia. A Coruña.1886.


ta ver el gallego desde una perspectiva diacrónica, mientras que la segunda lo mira a dimensión sincrónica del castellano".

Parece necesario matizar que na segunda das definicións, dialecto, primaba entón, no século XIX, o criterio xurídico-político (ser lingua oficial ou non) como vimos antes e non o lingüístico (ser variante interna dunha lingua ou non) que se empezará a asentar ao longo do s. XX, o que imposibilitaba manter esta caracterización para o galego.

II INTRODUCCIÓN DE GALEGUISMOS. AS INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS

De igual forma que as ideas histórico-filolóxicas que eran obxecto de actualidade e debate na Galicia finisecular influíron na concepción do idioma que tiña Valle, tamén a literatura galega do momento, así como a escrita en castelán por autores galegos, determinaron moitos temas e riscos formais característicos que configuran a obra do escritor vilanovés. Rubia Barcia no seu estudio "Valle-Inclán y la literatura gallega" afirma que "hay muy pocas cosas de las escritas en su región —en gallego o en castellano— que Valle-Inclán no haya leído" chegando a concluír que "toda su visión de Galicia es de factura literaria". Mesmo observa, no que agora nos ocupa, a posible influencia de Benito Vicetto, posto que na súa prosa tamén "abundan los galleguismos y, a veces, hace que sus personajes hablen "en dialecto", intercalando "en alguna de sus obras canciones populares gallegas".

A este exemplo de Rubia Barcia, podemos engadirlle o doutros escritores como a



Área do arquilexema "mirar" verbo da distinción ver/mirar. Do libro: *Dialectoloxía da lingua galega*. Francisco Fernández Rei. Xerais. Vigo. 1990 1ª edición.

Pardo Bazán, que sobre todo nos contos ambientados en Galicia, utiliza esta mesma técnica de caracterización, con palabras como "rapaz" ou "mantelo", logo recurrentes na obra de Valle.

Sen embargo, aínda que se acepte que Valle utiliza esta técnica e mesmo que repite certos vocábulos xa tópicos lidos nestes autores, cabe afirmar que tamén nutre o seu léxico tomándoo directamente do medio, dos recordos da infancia vilanovesa, das longas paseatas polo Salnés, ou da súa estadía como escritor consagrado en Cambados en 1912 e na Pobra do Caramiñal a partir de 1917.

CLASES DE INTERFERENCIAS

As interferencias de galeguismos que Valle introduciu ao longo de toda a súa extensa producción responden a causas e fins diferentes. Atendendo a esto, podemos establecer a seguinte clasificación:[8]

—A primeira e máis ampla é a que divide os que el, de forma inconsciente, traslada aos seus textos procedentes de hábitos lingüísticos aprendidos no galego ou no castelán dialectal falado en Galicia dos que conscientemente leva á súa obra con finalidade estética.

—A segunda, referida aos conscientes, distingue entre os que aparecen na obra ambientada en Galicia para caracterizar ambientes e personaxes, e os que —xeralmente introducidos en obras de tema non galego— unicamente teñen unha finalidade estética.

A) INTERFERENCIAS INCONSCIENTES

Son escasas e máis frecuentes no comezo da súa andaina como escritor.



a.1. Polo que respecta aos galeguismos léxicos, non é doado xebrar na obra literaria, os voluntarios dos que non o son; si en cambio, nos artigos periodísticos, onde xa non poden ser xustificados como recurso de estilo, e nos que atopamos casos como o de "tobo": "el idiota, refregándose al muro, iba a esconderse en su tobo del cobertizo"; no canto do castelán "madriguera"; "plaga" como castelanización fonética do galego "praga"; no canto de "maldición", ou "luídas" "un crucero de granito que sostenía tres gradas desiguales y luídas": todos eles nos escritos anteriores a 1895 recollidos por Fichter[9].

a.2. Comentario especial merece a neutralización de significado que se produce cos verbos "mirar" e "ver", con solución favora-

8 Seguimos nesta clasificación a: Amor y Vázquez J. : "Los galaicismos en la estética valleinclanesca". *Revista Hispanica Moderna* año XXI, nº1 Enero 1958

9 Fichter, William L.: *Publicaciones peridísticas de Don Ramón del Valle-Inclán anteriores a 1895*. El Colegio de México. México 1952. 1ª ed.


ble ao primeiro no arquilexema resultante. Este fenómeno non é xeral a todo o territorio lingüístico galego senón que constitúe un trazo dialectal que afecta a unha zona de Galicia bastante reducida xeograficamente, en concreto, ao seu extremo suroccidental (ver mapa pax. 17). Cómpre salientar que de tódolos espacios relacionados coa vida e obra de Valle-Inclán, só resulta marcado por este fenómeno un estreito corredor que, atravesando o Val do Salnés, cruza desde a ría de Pontevedra á de Arousa, constituído territorialmente nesta última por Vilanova de Arousa e parte de Cambados.

Este trasvase de significados de "ver" a "mirar" —trasladado ao castelán— aparece de forma recurrente ao longo de toda a produción valleinclaniana, xa se trate da voz do autor ou a de calquera personaxe (galego ou non), das primeiras obras ou das vedrañas, estando presente asemade tanto en textos propiamente literarios coma noutros de máis difícil ubicación como *La Media Noche* ou *La Lámpara Maravillosa*.

No temperán relato *A Media Noche*, a vella dille ao arrieiro: "Si me mira por ahí a ese enemigo de hijo, mándemelo...". Un Marqués de Bradomín, narrador protagonista, cóntanos nas súas memorias, como Concha —en *Sonata de Otoño*— que antes estivera "desde la puerta, mirando caer la lluvia" lle contaba a súa vida, "una de esas vidas silenciosas y resignadas que miran pasar los días con una sonrisa triste"; como na *Sonata de Primavera*, ante o paso de humanistas e teólogos, doctores e bachareis polo pazo "yo hinqué una rodilla en tierra y los miré pasar". Tamén como observando a María Antonieta, na *Sonata de Invierno* "Al rumor de los pasos, la miré huir toda blanca". O propio autor narra a experiencia en *La Media Noche*. Aquí, "los soldados franceses, desde sus trincheras, miran el suceso con pena"; "un matrimonio con dos niños mira arder su casa, acurrucado al abrigo de otras casas en ruinas"; "Los alemanes (...) miran llegar a los jinetes entre nubes de humo". En *La Lámpara Maravillosa*, Valle confésanos: "He consumido muchos años mirando cómo todas las cosas se mudaban y perecían" ou que "tal manera perdura porque miramos las palabras como si fuesen relicarios". Lembra que "aquella ciega de aldea, cuando contaba sus historias, parecía estar mirándolas en el fondo de su alma" e por si mesmo que "puesto a pensar en los afanes de otro tiempo, los miré tan ajenos que casi no me parecieron míos" por iso "era el alma libertada de los vínculos carnales, la que amaba y lloraba desprendidos". Xa como narrador, en *Tirano Banderas* di que "un soldado tuerto (...) contaba la derrota de las tropas revolucionarias en Curopaitito (...) por aquellos llanos que no se les miraba fin" e máis adiante o Doutor Banderas "juzgándose perdido, mirándose sin otra compañía que la del fámulo rapabarbas, se quitó del cinto las pistolas"[10].

a.3. Canto ás interferencias espontáneas que afectan á morfosintaxe, encontramos en primeiro lugar aquelas que provocan un cambio no xénero como sucede no epígrafe "Tiendas y chirimbolas" do artigo "Las verbenas" en vez do castelán "chirimbolos", ou

[10] Outros exemplos son: -No conto "Ádega", recopilado en *Flores del Almendro* , a protagonista "quedó sola, sentada al abrigo de un valladar. Sus ojos tristes miraban alejarse a los otros pastores" (trasladada exactamente a *Flor de Santidad*). En *Águila de Blasón* di La Fazula: "¿No la miras cómo se entra en el río?". El cura "miraba subir el humo como en un sacrificio" en *Gerifaltes de Antaño*. No relato "Hierbas Olorosas" de *Flores del Almendro* e logo integrado en *Sonata de Otoño*, o Marqués de Bradomín estaba "mirando caer la lluvia). Na *Sonata de Invierno*, estando en campaña co rei D. Carlos "antes de emprender la jornada, bajamos con los caballos a que bebiesen en el río, y al mirar tan cerca la otra orilla, sentí la tentación de arriesgarme". En *Corte de Amor*, no relato "Eulalia", estando a Madre Cruces facendo un novelo, "Eulalia, distraída, lo mira dar vueltas bajo aquellos dedos arrugados y seniles"; en "La Condesa de Cela", ao recoller Aquiles as cartas ao pé do leito "ella le miró hacer, muy pálida y con los ojos húmedos". En *Voces de Gesta* "en el hombro de Oliveros, el REY la mira temblar"; antes dixera " EL VERSOLARI: ¡En su cinta te traiga un varón y tus ojos lo miren criado!"



Repartición xeográfica de *llo*/*llelo*. No espacio de *llo* non se distingue entre *lle* (singular) e *lles* (plural).
Do libro: *Dialectoloxía da Língua*. Francisco Fernández Rei. Xerais, Vigo. 1990. 1ª Edición.

o uso de "rodillo" calcado do galego "rodelo", ou trapo para limpar unha mesa, cando se di que "el mozo vino a pasar un rodillo por la mesa" en *Fin de un revolucionario*.

a.4. Tamén o uso nun texto de xuventude como "El tranvía" —do pronome relativo castelán (quien-quienes) como invariable, conforme ao uso no galego: "muchas veces me saludan gentes a quien en mi vida he visto".

a.5. Asimesmo, o traslado ao castelán (le-les) da neutralización que se produce no pronome de terceira persoa (lle-lles), a favor da forma de singular (lle), "le" en castelán. Este tamén é un fenómeno dialectal, pero que abrangue un territorio maioritario, no que se inclúen tódolos espacios valleinclanianos: Salnés, Pontevedra, Santiago e A Barbanza (ver mapa). Aparece en "Un Cabecilla": "Tú le has dicho" (a eles) "dónde está la partida". Ambas interferencias foron correxidas posteriormente.

a.6. Espontáneo debeu ser tamén o uso —sobre todo nos primeiros escritos— da forma verbal en *-ra*, calcando o valor de antepretérito de indicativo que esta ten en galego, no canto da forma composta correspondente en castelán. No conto "Ádega" de *Flores del Almendro*, a protagonista "sonreía (...) llenando de agua el corcho que el peregrino santificara", e antes "cuando se reunía en el monte con otros pastores, oíales decir que anduviera en una cuadrilla de ladrones todo aquel tiempo". En *Femeninas* en "La Condesa de Cela", Aquiles Calderón, nos seus primeiros tempos de estudiante en Santiago "derrochara como un príncipe, mas parece ser que su familia se arruinara años después en una revolución". Tula Varona "heredara la gentil presencia de su padre". Suspira Perico Pondal que "fue al deshacerse aquel hogar (...) cuando conociera a Octavia Santino" no relato homónimo e La

Niña Chole rememora no camarote do barco que "los hombros desnudos, todo cuanto la mente adivinaba, cuanto los ojos vieran, todo, todo era hoguera voraz que en mi carne ardía". Na serie *El Ruedo Ibérico,* xa ao final da carreira literaria de Valle, en *La Corte de los Milagros*, morta a muller de Tío Blas de Juanes, "la hija, al pie del ventano, sacaba del faltriquero la esterilla que mercara para decoro de la mortaja"[11].

B) CONSCIENTES

Frente ao carácter case anecdótico con que aparecen os galeguismos inconscientes, a presencia dos intencionados é notoria e permanente a través da obra do escritor vilanovés. Valle introduce estas interferencias —con maior ou menor profusión— na procura de fins diversos que varían dependendo da etapa na que a obra é escrita, do argumento da mesma, pero sobre todo, de se está ambientada en Galicia.

b.1. Dúas épocas

Atendendo á primeira das variables, a da época de escritura, é posible falar dun cambio operado durante a longa etapa vivida en Galicia entre 1912 e 1925. Xa desde os primeiros escritos, Valle acode ao recurso da utilización de galeguismos —mesmo poñéndoos en cursiva nos anteriores a 1895— con dobre finalidade: para caracterizar ambientes galegos co uso de galeguismos léxicos, e como marca distintiva de personaxes populares galegos, combinando neste caso, os léxicos cos morfosintácticos. Tamén se caracterizan ás veces, personaxes populares non galegos, como sucede en *Voces de Gesta,* obra non ambientada en Galicia, onde este recurso sustitúe como caracterización á do dialecto ou lingua autóctonos. Noutras ocasións, vale para sinalar a procedencia galega dun personaxe como Roquito, o sacristán de Viana del Prior, voluntario na guerra carlista en Navarra en *El Resplandor de la Hoguera* do que se di que "tiene otra nación".

A partir do momento en que se establece de novo en Galicia, Valle mantén este recurso nas obras de ambiente galego —como *El Embrujado, Divinas Palabras, Cara de Plata* ou *La Rosa de Papel*— pero cun notable incremento léxico, froito, con toda probabilidade, da observación e anotación da realidade lingüística por parte do autor. Desta maneira, incorpóranse voces non rexistradas antes como "arrente", "burata", "bacuriños", "foliada", "falagare", "ferranchada", "fayo", "gargalladas", "mámoas", "nébodas", "pitei-




[11] Outros exemplos esporádicos aparecen en *Romance de Lobos*: "Anduvo pidiendo con unas alforjinas a cuestas que le bordara la Virgen Madre". En *Flor de Santidad* "anduviera", "trajera". En *El Embrujado*: "andara a pedir", "nunca entrara". De *Jardín Umbrío* en "La Misa de S. Electus", "saliera". En "Aromas de Leyenda" inserto en *Claves Liricas,* "fueran como un instante, al pasar, las centurias".

rarlo","pulo", "repenicadas", etc (ver Glosario), que se suman aos anteriores "mantelo", "mariñán", "mazorcas", "cativo", "corredoiras", "abade"...

Paradigmático deste cambio é o que se dá na serie das *Comedias Bárbaras* entre *Águila de Blasón* (1907) e *Romance de Lobos* (1908) encadrables nun primeiro período, e *Cara de Plata* (1923) no segundo. Nesta última, os personaxes populares aparecen menos marcados pola morfosintaxe galega pero, en cambio, prodúcese unha ampliación léxica tanto no que afecta a estes como un maior uso nas acotacións.

Sen embargo, o máis importante non radica neste incremento cuantitativo senón no cambio cualitativo que supón a utilización con fins unicamente estéticos —por expresividade ou por sonoridade— de términos galegos. Así palabras como "denantes", "farruco", "fechar", "lostregar", "velido" ou expresións como "andar a modo" (ver Glosario) ingresan na prosa de obras non ambientadas en Galicia como *Tirano Banderas* ou as que compoñen a serie de *El Ruedo Ibérico*. Pódese dicir que Valle está a poñer en práctica o que máis tarde corroborará en 1932 no discurso do banquete ofrecido con motivo do éxito de *Tirano Banderas* no que di: "Yo que vengo de Galicia, región de campo dulce y bello, he pretendido darle al castellano el sentido labriego que no tiene, porque el campo de Castilla no es amable".



b.2. Localización e tema

As outras dúas variables poden ser anlizadas de forma conxunta.


—A primeira, que a obra estea ou non ambientada en Galicia, determina en caso afirmativo, a presencia na narración ou nas acotacións escénicas, de galeguismos léxicos que nos evoquen ambientes e paisaxes galegos. Así "lejanas risas de foliadas, panderos, brincos y aturujos repenicados, tienen alertada en la cama a Pichona la Bisbisera" son os términos utilizados nunha acotación de *Cara de Plata* para evocar unha atmósfera festiva en Galicia.

—A segunda ven marcada pola natureza do tema e argumento da obra, determinantes da maior ou menor presencia de personaxes populares que son os que aparecen hipercaracterizados lingüísticamente. Enténdese por iso, a escasa presencia de galeguismos en *Epitalamio* ou en "La Condesa de Cela" que aínda ambientadas en Galicia, prescinden da intervención de personaxes populares.

b.3. A lingua na Galicia do XIX

Antes de detallar os recursos léxicos e morfosintácticos cos que Valle acomete a caracterización dos seus personaxes, cómpre analisar o motivo de que esta sexa selectiva, buscando as causas na maneira de ser da Galicia que Valle trasladou aos seus textos e os seus comportamentos lingüísticos.

O escritor arousán ambientou a súa obra nun tempo que abrangue o último tercio do



Foreiros. (Arquivo. Editorial NIGRA)

século XIX e os inicios do XX. Nela preséntanos un mundo predominantemente rural e dividido estamentalmente. Isto é o que sucede nas *Comedias Bárbaras,* nos contos de *Jardín Umbrío* ou en *El Embrujado*. Outras como *Divinas Palabras* ou *La Rosa de Papel* son de ambiente exclusivamente popular, como acontece na primeira, na que o personaxe máis elevado é o pedáneo que dá fe da morte de Juana del Reino e que mediante interferencias aparece caracterizado como galego falante.

Pola contra, o mundo urbano —non dominante pero si existente na Galicia do XIX— co seu modo de vida desvencellado desta sociedade tradicional, é discriminado na Galicia literaria de factura valleinclaniana.

En efecto, o país chegou ao final desta centuria co lastre do atraso económico resultante do fracaso de sectores que debían protagonizar o paso a unha economía capitalista[12]. Isto provocou unha lenta transición desde unha sociedade estamental de base agraria, fundamentalmente rural, a unha de tipo urbano na que a dialéctica social fose protagonizada polas modernas clases sociais, a burguesía e o proletariado.

A permanencia desta sociedade rural constituída dunha banda por unha minoría dominante —clero regular ou secular, nobreza vilega e fidalguía rural perceptora das rendas da terra— e por outra, unha maioría —os labregos foreiros pagadora destas—, fixaría neste momento o estereotipo dunha Galicia de eterna vocación agraria.

Como o galego, por circunstancias que logo veremos, era o idioma desta maioría

[12] Beiras Torrado, X.M.: *O atraso económico de Galicia*. Galaxia. Vigo.1972

campesiña cando a fidalguía, o clero e a burguesía xa o abandonaran ou estaban a facelo, era lóxico que, na distribución de papeis, Valle distinguise en *La Lámpara Maravillosa* entre "catalán de navegantes, galaico de labradores, castellano de sojuzgadores"(97). Para Valle-Inclán, neste "latín galaico cantan como en geórgicas las faenas del campo con mitos y dioses, presididas por las fases de la luna, regidora de siembras, de ferias y de recolecciones".

Esta realidade é trasladada á súa obra sustituíndo o galego por un castelán interferido de galeguismos nos personaxes populares frente ao correcto castelán dos estamentos elevados.

Con todo, esta sociedade estamental e agraria foi esmorecendo no decorrer deste século, desprazada por dous novos acontecementos, un no terreo político-administrativo e outro no económico. Ambos tamén provocaron cambios nos comportamentos lingüísticos.

O primeiro destes acontecementos foi a alteración que supuxo a instauración —a partir de 1833— do novo Estado Liberal, coas súas estructuras administrativas, xurídicas, económicas e sobre todo, educativas e culturais que se suman e incrustan —ás veces sen encaixar— na vella sociedade daquela aínda en trances de desaparición. Como o idioma oficial desta administración centralizada é o castelán, novos sectores sociais súmanse ao coñecemento desta lingua, limitado no Antigo Réxime ao clero e á nobreza. Por iso en *Los Cruzados de la Causa*, no pranto polo soldado morto —procedente do estamento popular pero militar no exército do Estado liberal— as "mujerucas" salaiaban: "¡Ay, qué bien cortaba castellano!" polo que deducimos o cambio lingüistico operado no xoven co seu recrutamento militar.

Tamén cando en *Divinas Palabras* se ponderan as cualidades de Mari-Gaila por parte dunhas "mujerucas", unha di: "corta el castellano como una alcaldesa", comparándoa precisamente coa cónxuxe ou ocupante dun centro de poder do novo réxime.

O segundo foi a aparición dunha burguesía comercial de orixe foránea —maragata, rioxana etc— nos principais núcleos urbanos de Galicia, pero sobre todo o cambio que significou a transformación —a partir da última década do XIX— no entorno das Rías Baixas, da tradicional industria da salga nun próspero sector conserveiro que mudou considerablemente as estructuras socioeconómicas arriba descritas.

Como antecedente desto hai que mencionar o feito de ser a Ría de Arousa o principal foco de asentamento dos fomentadores de salazóns cataláns[13], liderando precisamente esta localización Vilaxoán e a vila natal de Valle-Inclán, Vilanova. Estes asentamentos foron sempre considerados o principal foco de castelanización idiomática entre os séculos XVI e XIX.

Tampouco eran alleos a certo grao de desenvolvemento industrial e urbano os outros espacios relacionados coa biografía de Valle, en contraste con outras moitas bisbarras galegas. Cabe destacar aquí o destacado lugar ocupado pola comarca padronesa na producción de lenzos de liño ata a crise de mediados de século, ou o activo tráfego portuario de Carril co resto de Europa e América impulsado pola burguesía compostelá —daquela a máis importante de Galicia—fomentadora tamén neste porto dunha importante industria de fundición de ferro, e finalmente do primeiro ferrocarril galego entre esta localidade e Santiago.

Todo isto provocou a aparición dun mundo urbano —no eixo Vilagarcía-Carril— e en consecuencia, o dunha burguesía á que hai que ter en conta á hora da atribución de usos lingüísticos nesta Galicia finisecular. O

[13] Meijide Pardo, A. : *Negociantes catalanes y sus fábricas de salazón en la Ría de Arosa* (1780-1830). A Coruña. 1973.

propio entorno de Valle-Inclán é dúplice, de orixe fidalga pero cun pai funcionario de Facenda, empresario periodístico en Vilagarcía, accionista do ferrocarril Santiago-Carril, e ideolóxicamente liberal[14].

b.4. Lingua e personaxes


Mais ¿que comportamento lingüístico ten cada un destes grupos e cal é o seu reflexo nos personaxes que aparecen na obra de Valle?

Despois da política de asimilación cultural e lingüística levada a cabo pola Corte de Castela a partir do século XVI[15] coas elites nobiliaria e eclesiástica, a sociedade galega aparecía dividida lingüísticamente en dúas partes totalmente asimétricas: nunha, a nobreza e alto clero —na súa maior parte orixinarios de fóra de Galicia— usuarios do castelán oral e escrito; noutra, o resto da poboación —máis do 90%— na que mesmo habería que incluír certos sectores da fidalguía e do clero secular, que o serían do galego.

Estamos ante o chamado bilingüismo con diglosia de lingua minoritaria dominante[16], xa que a pesar de ser minoritario, o castelán era a lingua de uso escrito no ámbito cortesán, eclesiástico, militar e académico.

Sen embargo, esta situación que permanecera estable durante tres séculos comezou a mudar no XIX[17] coa irrupción en escena da nova clase funcionarial e burguesa á que antes aludíamos e aos seus novos usos lingüísticos.

Con todo, o que para nós ten máis interés é o comportamento que ante este tema tiveron sobre todo, a fidalguía, o clero e a poboación rural campesiña, ao seren estes de maneira sinalada, os protagonistas da obra ambientada en Galicia.



A Fidalguía. Mariño Paz, ao analisar "a evolución e conducta lingüística da fidalguía galega" coida "que non se pode falar dun comportamento lingüístico uniforme para tódolos integrantes deste estamento durante o Antigo Réxime e o século XIX, xa que tampouco se debe pensar que a composición do propio estamento era uniforme"; "é evidente —continúa— que as casas fidalgas máis destacadas, refinadas e urbanizadas abandonarían o galego antes e máis categóricamente ca aquelas menos distinguidas e menos arredadas do mundo campesiño". Asemade, habería que diferenciar entre os "fidalgos vinculeiros" que "tiveron polo xeral pouco comercio coas letras e viviron moi apegados ao agro" e os segundoxénitos dirixidos ao exército, á igrexa ou á universidade, o que provocaría a súa castelanización dados os usos lingüísticos imperantes nestas institucións.

Dos personaxes que transitan pola literatura valleinclaniana, semella claro que é o Marqués de Bradomín o representante máis

14 Ver *Cuadrante*. Nº 1.

15 Mariño Paz, R. : *Historia da Lingua Galega*. Sotelo Blanco. Santiago de Compostela.1998.

16 Hermida, C.: op. cit. Páx. 25-62.

17 Mariño Paz, R.: op. cit. Páx. 331-425.

acaído deste prototipo de nobre máis ilustrado —nel dase unha total ausencia de caracterización lingüística galega—, sendo Don Juan Manuel Montenegro dos "vinculeiros", aínda que na obra de Valle xa tampouco aparece marca ningunha que nos fixera supoñelo galego falante, como acontece cos criados que o serven no pazo ou os foreiros que del dependen. Este segmento fidalgo abandona o galego no transcurso do XIX como sinalaba Murguía no discurso como Presidente da Real Academia Galega en 1906 cando di que "cuando yo era niño, todos a mi alrededor hablaban gallego. Cincuenta años bastaron para que las clases elevadas, que antes entendían no cometer falta, usando el lenguaje que todos entendían, hayan cambiado"[18].

Canto ao comportamento lingüístico dos personaxes femininos deste estamento nobiliario na obra de Valle, cabe apuntar que parece coincidente co que desvelan os testemuños escritos da época. O XIX foi o século de avance do castelán —sobre todo na Galicia urbana— a camadas sociais ás que antes non chegara, ou fixérao de forma feble. A esta moda non se sustraeron a muller fidalga nin a burguesa. Murguía[19] comparaba en 1879 a nova situación coa do século anterior cando "se estableció en Santiago una Academia para el estudio de nuestro dialecto. Protegíanla las damas más aristocráticas y ricas, que en esto no se parecían ciertamente a las actuales burguesas, cuya ineptitud sólo corre pareja con su habitual ligereza. Ni se desdeñaban de hablarle, ni menos encontraban de mal tono el acento natal. Tenían por cierto, una más levantada idea de su patria y de sí mismas. Tenían también una cultura intelectual superior a la de las mujeres de hoy".

[18] Murguía, M.: "Discurso del Señor Académico Presidente". BRAG. Páx. 6-7. A Coruña,. 1906.

[19] Murguía, M.: "¿Desaparecerán los dialectos?" en *La Ilustración Gallega y Asturiana*. 30-7-1889.



Algo máis tarde, en 1912, García Blanco[20] laiábase do grande avance que nesa altura estaba a experimentar o castelán —lingua de moda— no mundo urbano pero "por un modo especial entre el llamado con justicia bello sexo (en el cual toda frivolidad y toda cursilería tienen, sin embargo, su natural asiento)" no que "es de todo punto intolerable la menor oposición a este prejuicio", e pregúntase "¿No son inconciliables la fealdad y la hermosura, la tosquedad y la delicadeza, la insipidez y la gracia? ¿No dejarían de ser bellas, delicadas, graciosas, la dama de distinción, la anémica señorita mesocrática, la plebeya menestrala, si en ella se sospechase que usaban el feo, tosco e insípido hablar galaico?". E finalmente, conclúe: "Y para hacer ver que no se le usa ¡en cuán extrañas ridiculeces, en qué chocante afectación, en qué extremos de

[20] Op.cit.



Señores de Pazo. (Arquivo Editorial NIGRA)

fatua presunción se incurre a menudo!(...) por ridículo snobismo".

Pois ben, con este comportamento correspóndese perfectamente o de Augusta —a protagonista de *Epitalamio*— a quen Valle, cunha punta de ironía, fai rexeitar a palabra galega "patín" para sustituíla pola inglesa "ladder": "The ladder, como decía Augusta, era una escalinata de piedra, con antiguo y labrado balconaje entre verdes enredaderas prisionero. Durante el estío, cuando los señores trocaban el hotel de la Castellana por el solariego pazo, aquel poético rincón cambiaba de aspecto, y aún de nombre. Era muy bella la boca de Augusta, y muy aristocrático el movimiento de sus labios para llamarle el patín como hacía el señor capellán y los criados. Su snobismo de condesa pontificia sugeríale siempre alguna palabreja inglesa sorprendida en las crónicas de La Grand Dame y pronunciada como Dios quería (...) pero llegaban las primeras nieblas de octubre y los señores regresaban a la Corte; entonces, el patín recobraba su aspecto geórgico y campesino (...) y la vieja criada que había conocido a los otros señores hilaba sentada al sol con el gato sobre la falda".

No relato "Augusta" —variante recopilada en *Corte de Amor*— "patín" aparece sustituído por "solana".

Aínda sen alusións explícitas como estas —a unha nobreza desprazada e alienada— pero si con ausencia de interferencias lingüísticas galegas, cabe unha interpretación semellante na caracterización de La Condesa de Cela e de Rosarito nos relatos que protagonizan en *Femeninas*. A mesma que para Eulalia en *Corte de Amor,* para Concha en *Sonata de Otoño* —"La Dama" na versión teatral de *El Marqués de Bradomín. Coloquios Románticos*— e para Dona María, aínda que máis matizada en *Águila de Blasón*.

Só Sabelita —a afillada de Don Juan Manuel Montenegro e Dona María en concubina daquel— que se dirixe a eles como "padriño" e "madriña" evocaría con estes apelativos un comportamento lingüístico diferente, tal vez bilingüe.

Bo expoñente do cambio xeracional, tamén asociado á dicotomía rural/urbano é alusión á avoa no conto "Mi hermana Antonia" de *Jardín Umbrío*, onde trala morte da nai, a avoa ven a Santiago para levalos á aldea, San Clemente de Brandeso, "que estaba a siete leguas de Santiago". Ao chegar "Nos habló en dialecto: —Murió la vuestra madre(...)".

Pois ben, salvo estes sous personaxes, tódolos que encarnan damas nobres ou fidalgas aparecen desprovistos de caracterización galega no plano lingüístico.

Clero. No que atinxe ao clero, Carme Hermida[21] pensa que este sector da sociedade, no s. XIX sempre "era presentado maio-

[21] op. cit.

ritariamente facendo uso do castelán, tanto na súa función pública, é dicir, predicando, coma na vida diaria" Aínda que —continúa— "este comportamenteo lingüístico resulta abondo incomprensible se se ten en conta que "o 80-90% dos seminaristas antre 1829 e 1868 proceden das parroquias rurais" (Barreiro Fernández, 1981) e polo mesmo tiñan como lingua materna o galego". "É posible entender este cambio de código (...) segundo o mesmo autor" —continúa Carme Hermida— como "resultado da escolma e da formación" dada ó futuro crego, que perseguía o seu desclasamento. Este comezaba "cortándolle as raiceiras que o unían a todo aquelo que, até o momento, constituíra a súa vida e o seu entorno. O seminarista prohibíaselle falar galego que era a lingua que sempre falara". E o resultado desta prohibición foi o abandono da súa lingua materna en beneficio da castelá, deformada con moitos galeguismos".

Valle fai unha alusión a este colectivo e ao seu comportamento lingüístico ao final da primeira escea de *Águila de Blasón*, onde fóra da igrexa colexiata hai "una calle angosta, con soportales, donde pasean en parejas algunos seminaristas que hablan en dialecto y visten el traje de los clásicos sopistas, burdo manteo de bayeta y derrengado tricornio". Tamén en *Jardín Umbrío*, no conto "Mi hermana Antonia" se fai referencia aos seminaristas procedentes do medio rural cos que vivía Máximo Bretal e dos que di: "son estos los seminaristas pobres a quienes llaman códeos". Este último término fai referencia ao costume, por necesidade, de levar ao seminario a comida de casa, tamén o pan, que endurecido facía as codias que xantaban toda a semana.

Dos cregos ordenados, o máis acaído a este último retrato é o de San Rosendo de Gondar, no conto "El Rey de la Máscara" en *Jardín Umbrío*. Aparece caracterizado con algún que outro galeguismo como en "ahora cumple hacer callar a ese perro", co senso do



"cómpre" galego; ou "¡Válate Dios la hornada!" usando esta expresión que asociaba Valle á lingua dos maiores[22].

Tamén encadraría aquí Don Benicio, o crego do conto "Rosarito", quen amén doutras peculiaridades aparece caracterizado sintacticamente ao relatarlle á Condesa a xornada de cazata co Sumiller e o abade de Cela o "día de San Cidrán" no monte. Alí "hiciéronme una jugarreta del demonio. Todo el día estuviéronse riendo", calificándoos por isto de "rapaces" e en concreto ao Sumiller de "raposo". Habería que sumar a estes —para completar este primeiro grupo— ao abade de Santa Baya de Cristamilde, no conto "Juan Quinto" e ao de San Clemente de Brandeso en "La misa de San Electus", todos en *Jardín Umbrío*.

Na producción restante do autor, este estamento xa non aparece caracterizado lin-


22 Así o di no artigo "Madrid de noche" : "¡Válate Dios! —como dicen las viejas—." en Fichter (op.cit).

güísticamente consonte co dito ao comezo. Nen o capelán do pazo, Don Manuelito, en *Romance de Lobos,* nen o Deán e mailo Chantre da Colexiata de "Viana del Prior", o capelán ou Fray Gerónimo Argensola "de la regla franciscana" en *Águila de Blasón*, ou xa máis tarde —na escrita de Valle— o abade de Lantañón en *Cara de Plata*, introducen galeguismos nas súas intervencións nas *Comedias Bárbaras*. Tampouco Don Benicio, o abade de Brandeso na *Sonata de Otoño*.

Si, en troques, o segmento social de extracción popular, máis en contacto co clero, representado polos sacristáns. Hai tres senlleiros na obra de Valle-Inclán: Roquito —dentro da triloxía *La Guerra Carlista*— a quen se alude indirectamente en *Los Cruzados de la Causa*, pero que aparece xa no escenario, como voluntario, na guerra carlista pola Navarra de *El Resplandor de la Hoguera*. Aquí, é caracterizado lingüísticamente como personaxe galego, entre outros, co repetitivo "vaites, vaites", ou terminacións verbais como "dejay", "aguarday", ou "sacaime", en contraposición a outros personaxes galegos pero do estamento nobiliario como *Cara de Plata* ou a Madre Isabel que non o están.

En cambio si se usan as interferencias galegas para marcar personaxes populares vasco-navarros, en sustitución dos seus propios trazos dialectais, como acontece con "La Josepa", "La molinera", ou "La abuela", polo que máis semella marca de grupo social que de grupo xeográfico.

Outro é Pedro Gailo, sacristán de San Clemente "anejo de Viana del Prior" coa súa familia, Mari Gaila e Simoniña, en *Divinas Palabras*, que en paralelo co sacristán de S. Martiño de Freyres en *Cara de Plata* —tamén con sacristana, "hija bigardona" e coro de crianzas— mesturan as interferencias galegas con resabios de orixe litúrxica, dando lugar a un peculiar rexistro que os individualiza como personaxes "ponte" entre os estamentos xerárquicos e o pobo. Así, na Xornada III, escena III, exclama este último, finxindo







atoparse en trance de morte: “¡Madre del Verbo, ven en auxilio de este devoto, que va a comparecer ante el Supremo Tribunal!, ¡Me roe como un can de la rabia, este dolor que me acometió en calidad de repentino, Madre de los Pecadores!, ¡Me roe en los cadriles, Madre Soberana!, ¡Dolor de ijada repentino es el apelativo que aquí le damos, Mater Inmaculata!”. Logo, e de maneira acompasada, o coro de crianzas dirá de xeito simbolicamente recurrente, xa directamente en galego: “¡Ay, o noso paisiño!, ¡Ay, o noso paisiño!”.

Personaxes populares. Xa finalmente e polo que respecta aos personaxes que poderíamos denominar populares, cómpre dicir que son os que aparecen caracterizados como galego-falantes, mediante o recurso de trasladar aos diálogos nos que interveñen, numerosos galeguismos léxicos e morfosintácticos.

Sen embargo, e antes de pasar á súa análise, parece necesario advertir que en non poucas ocasións este recurso é tamén utilizado —como xa antes comprobamos en *El Resplandor de la Hoguera*— como caracterizador de personaxes populares non galegos.

A) Personaxes populares non galegos

Así sucede, por exemplo en *Sonata de Primavera*, cando uns mendiños acoden ao Palacio Gaetani na procura da esmola que reparte Mª Rosario. Nos agradecementos, introducen términos como “curmana”, “cativo” ou a perífrase aspectual co valor perfectivo reiterativo que esta ten en galego:”también a mí me tiene recogido”.

En *Cuento de Abril*, ambientado nun pasado medieval indeterminado na Provenza, atopamos galeguismos ou calcos semánticos como “amuestra”, “mercar”, “foje” (por “foxe”), “canes”, “bandullo” ou “rifaban” entre outros, que son comúns a tódolos personaxes e onde ao mellor está latente a non diglosia do galego medieval.

En *Voces de Gesta* poden ter unha dobre función, ben a consabida caracterización de personaxes populares ou a evocación dun mundo antiguo, arcaico. Aparecen aquí “home”, “agora”, “testa”, “raposo”, “figueiredo”, “feridos”, “canes”, “marela”, “vermella”, “gola” ou “tobos” xunto con interferencias morfosintácticas como a perífrase co valor reiterativo, antes comentada, en “yo le tengo dado lecho en mi cabaña”.

Estas e outras aparecen do mesmo xeito noutra obra de ambiente histórico como é “Farsa Italiana de la Enamorada del Rey “no *Tablado de Marionetas para la Educación de Príncipes*.

En *La Media Noche* son usados para dar carácter espontáneo e próximo aos diálogos dos soldados franceses da Primeira Guerra Europea apostados nas gabias, con xiros como “en llegando”. En *Tirano Banderas*

aparecen expresións como "denantes", "de aquella", "la tema", "fechos", "coidame", e tamén perífrases como "tengo tratado" ou "tiene hablado", marcando as intervencións en diálogo de tódolos personaxes sen distinción. Por contra, na serie *El Ruedo Ibérico*, só o narrador e os personaxes populares utilizan galeguismos. Poucos en *La Corte de los Milagros* —reducidos aos personaxes de "El Coto de los Carbajales"— como "engayolar", "gayola", "dende", "francachelas", "fayado" ou "cachucha". Aumentan sen embargo, nas demáis, fundamentalmente en *Viva mi Dueño*, tanto no autor narrador coma nos personaxes. Deste xeito, aparecen entre outras: "fecho", "rachar", "piperete", "pantasma", terminacións verbais como "dejaime", "avisai", ou usos de infinitivo en construccións como "cuidé de no rebullir".

B) Personaxes populares galegos

Inclúense baixo este epígrafe aqueles personaxes que non pertencen ao estamento nobiliario nen ao eclesiástico antes vistos, nen á burguesía galega —de escasísima presencia na literatura de Valle— apenas insinuada con algún escribán.

Son polo tanto, os criados que serven nos pazos, os campesiños foreiros, cegos e mendiños, así coma algúns mariñeiros e xentes da vila (Viana del Prior fundamentalmente), presentes nalgunhas obras.

A súa caracterización lingüística mediante o recurso dun castelán inzado de galeguismos de todo tipo que os presenta como usuarios do galego, na maioría da obra de Valle-Inclán ambientada en Galicia, elabora un verosímil retrato do bilingüismo con diglosia presente na sociedade galega dende o século XVI, pero cuantitativamente incrementado no XIX, como xa se ten apuntado.

Esta dicotomía lingüística de tipo diglósico aparece con máis intensidade nunhas obras ca noutras. Alta, por exemplo, na versión teatral *El Marqués de Bradomín. Coloquios Románticos*, onde trala primeira xornada dominada por personaxes como o paxe-campesiño "Florisel", "La Madre Cruces", "La Quemada", "Minguiña", "El Morcego" ou "El Manco de Gondar" con caracterización popular con interferencias galegas, supón un forte contraste co que aparece na segunda, na que o Marqués, a Dama, o abade etc., pasan a monopolizar o escenario, o que supón a desaparición dos diálogos con galeguismos.

Noutro extremo hai que ubicar obras como *Divinas Palabras, El Embrujado* ou *La Rosa de Papel*, onde a práctica ausencia de representantes dos estamentos dominantes homoxeiniza as caracterizacións.

No que atinxe á ubicación, excepto Roquito, en campaña pola Navarra carlista —como xa temos visto— e Sabel —"vieja aldeana vestida de estameña"—, criada de nome "sencillo y arcaico" que o tamén galego Pedro Pondal ten en Madrid e única hipercaracterizada lingüísticamente en *El Yermo de las Almas*, todos os demáis personaxes aparecen nos escenarios rurais nas contornas das valleinclanianas Viana del Prior e Flavia Longa.

Isto está en consonancia co perfil sociolingüístico, ao que nesta altura do XIX quedara reducido o galego, como lingua maioritaria numéricamente, predominantemente rural e carente de uso nas clases elevadas.

Tipos de interferencias

Os personaxes populares galegos, os máis intensamente caracterizados, apáreceno de dúas maneiras: mediante o léxico e por medio dunha morfosintaxe, xiros e frases feitas trasladadas ou calcadas do galego.

1. Interferencias no léxico

Introducidas en cursiva nos contos e artigos anteriores a 1895, esta marca tipográfica desaparece posteriormente quedando a palabra galega integrada no discurso. Poden ser de varios tipos:

1.1 Traslado directo do galego:

—De sustantivos como: abade, bacuriños, cadela, crianzas, corredoira, cirolas, cuspe, foliadas, fayo, ladra, leria, léveda, maiza, orballo, tobo, viño, veiral, velido, vitelo etc.

—De verbos como: acudide, afógate, chantaría, ¡cuidade!, dade, estábades, mercaredes, espareció, esqueciérame, fecha, rastreade, riade vedes, veredes etc.

1.2 Con adaptación fonética ao castelán: foje, friaje, valladares, trujo, jugueta, romaje, rajo, ruero, tollera, revolar...

1.3 Coincidindo ás veces o uso galego cun arcaísmo castelán: en fabla, vegada, finestra, fierros, dende, priesa, frade, magino, penedos...

1.4 Preferencia por un vulgarismo caracterizándoo como uso galego: pior, sabidora, sisiones, siñor...

1.5 Discriminando positivamente a solución galega en contra da máis usual en castelán: desenvuelve, guedeja, iglesario, remataban, yantar, encrucijada, revenida, festero, testa, hozaban, hírguete, semeja, pensar que, procuraba, pelechando, petar, luengas etc.

2. Interferencias gramaticais

O outro recurso utilizado para caracterizar a fala dos personaxes populares galegos é o traslado ao castelán de valores e estructuras gramaticais peculiares ou exclusivas do galego.

Mesmo ás veces, a transferencia é total mediante a introducción dunha frase completa en galego, como sucede no coro de crianzas, fillos do pseudomoribundo sacristán en *Cara de Plata* ao que lle repiten: "¡Ay, o noso paisiño!".

Sen embargo, cáseque sempre é parcial, e afecta aos distintos niveis gramaticais, que clasificamos a continuación.

2.1 Interferencias fonéticas

Aparición ocasional do seseo explosivo, trazo dialectal propio de parte das tres grandes áreas lingüísticas do Bloque Occidental Galego[23]. Na Ría de Arousa aparece en ambas marxes costeiras, Salnés e Barbanza.

Das voces localizadas na obra de Valle que presentan este fenómeno, unha é o topónimo "La Bensa"(A Bensa), nome dunha pequena illa da Ría de Arousa na saída da enseada da Pobra do Caramiñal, que en *Romance de Lobos* aparece co nome de Viana del Prior. Naquel topónimo, o seseo está incorporado oficialmente ao nome.

Outro término con seseo é o que se refire a un cetáceo común nesta ría: o arroaz. Méntase en *Romance de Lobos* coa pronuncia dialectal, cando o cego de Gondar lle contesta á muller do Morcego que D. Juan Manuel salvou do naufraxio porque "Al Señor Mayorazgo no lo quieren ni los arroases de la mar, ni los demonios del infierno".

As outras dúas aparecen en exclamacións; a primeira é a comentada máis arriba de *Cara de Plata* ("¡Ay, o noso paisiño!"). A segunda, cando Micaela la Roja agradece en *Los Cruzados de la Causa* a confianza de Don Juan Manuel Montenegro dicindo: "¡Dios se lo pague, mi reisiño!".

Cómpre comentar aquí un caso de ultracorrección que se produce na primeira versión do conto "A Media Noche"[24], no que Valle utiliza a palabra "macidáns" que logo troca por "arrieiros", na versión deste mesmo relato recopilada en *Jardín Umbrio*. A forma correcta é "masidáns" ou habitantes de Maside (Ourense) —onde non hai seseo— que por se adicar de vello ao tráfego de carnes e salgados, o seu xentilicio veu a ser sinónimo de arrieiro. Valle malinterpreta como seseo a forma normal e ultracorríxea.

2.2. Na morfosintaxe[25]

23 Fernández Rei, Francisco: *Dialectoloxía da lingua galega*. Ed. Xerais. Vigo

24 Fitcher, W.L.: op.cit. páx. 53

25 Utilízase como referencia a *Gramática Galega* de Álvarez Blanco, R.; Regueira, X.L. e Monteagudo, H. Galaxia. Vigo. 1986.

2.2.1. Nos nomes. Sustantivos e adxectivos.

a) Con cambios de xénero como "las colores", "la puente", "la dolor" presentes sobre todo na obra ambientada en Galicia: "Tiene los ojos lucientes como un can adolecido, y la color más amarilla que la cera", dille a vella a Ádega en *Flor de Santidad*.

b) Co uso do característico sufixo diminutivo galego *-iño*. Frecuente en nomes de persoa: Monchiña (*Romance de Lobos*), Sabeliña (*Cara de Plata*), Simoniña (*Divinas Palabras*), Rosiña (*La Rosa de Papel* "en *Retablo*..."), Bieitiño (*Los Cruzados de la Causa*); en nomes de santos: S. Benitiño (*Cara de Plata*) ou nos comúns como "barriguiña" (*Romance de Lobos*), "buratiña" (*Cara de Plata*) ou "baldadiño" (*Divinas Palabras*) que aparecen con valor afectivo, non diminutivo: "¡Con saludiña se mantenga!" dille Sebastián de Xogas ao abade en *Cara de Plata*.

c) No traslado ao castelán de sustantivos ou adxectivos de orixe derivativa coa sufixación propia do galego como en bufarada, figueiral, figueiredo, dentallada ou humildoso.

2.2.2. No pronome persoal.

a) Mediante o uso directo das formas pronominais propias do galego. Tal sucede cos tónicos Nós e Vós de abundante aparición na maioría da obra de ambiente galego: "Hermana Rebola, sopla en el lar. Nós tras la puerta hemos de amasar" (*Romance de Lobos*; ou en *Flor de Santidad*: "¡Si a nós quisiera aparecerse! (...) —Vós no sabéis que para encantar a los caminantes, con su gran fermosura los atrae (...) ¡Desgraciados de vós!".

Tamén aparecen aínda que con pouca frecuencia o átono LLE ou a concorrencia pronominal LLO: "Agora bajo a franquealle la puerta"(14) e "Fue quien sabían agradecello"(70) din La Rosa e Andreíña en Romance de Lobos.

O neno paxe Florisel fai uso do cortés VOSTEDES: "¿Vostedes es la primera vez que vienen a la limosna?" e logo de VOSTEDE: "A mi paréceme que le conozco. ¿Vostede no me dijo que era de S. Clemente?" en *El Marqués de Bradomín. Coloquios Románticos*.

Especial atención merece o uso de LE como dativo de solidariedade. Frecuente nos primeiros escritos —"Ádega", "A Media Noche"ou "Cartas Galicianas"—, desaparece practicamente despois. Só hai unha recurrencia en *Águila de Blasón*: "verdad le dije, señora Micaela. Éranle siete hombres con las caras tiznadas" —dille o zagal a La Roja. Nos comezos temos estes exemplos: En "A Media Noche"[26] contesta o mozo, que fala en "su dialecto" ao xenete ao que acompaña sobre o que resta de camiño: "Por eso aún le es un buen pedazo"; e sobre se hai ou non perigo no camiño: "Hayle y bien que le hay". Máis adiante ao preguntar a arrieiro se estaba Brión, —contesta unha vella: "— No le está...". En "Por la tierra saliniense. El castillo de Lobeira" nas *Cartas Galicianas*[27] ao lle preguntar á moza na baixada do monte pola princesa moura encantada, contesta: "¡Ay! señorito, como le es un encanto, no se aparece siempre".

b) No plano da sintaxe tamén se producen transferencias dunha lingua a outra destacando a que afecta á colocación do pronome. Isto prodúcese de diversas maneiras:

—Coa aparición do pronome posposto ao verbo. É posiblemente o recurso máis utilizado por Valle, xa que aparece en tódalas obras de ambiente galego e en numerosas ocasións. Algúns exemplos son: "¡Asús!... Como cristianos sonlo, sí, señor!" di Ádega en *Flor de Santidad*; "Comiólo quien tenía dientes" di Andreíña en *Romance de Lobos*; "¿Óyesme?... ¡No lleves temor!", son as palabras de Pedro Gailo a Simoniña en *Divinas Palabras*.

[26] Fitcher, W.L.: op. cit. P.48

[27] Fitcher, W.L.: op.cit. p.79.

—Asimesmo é utilizado o cambio de ubicación do pronome átono provocado pola presencia dun infinitivo. En *El Embrujado* o Cego de Gondar comenta: "Todos tenemos que callar y nos encubrir" e máis adiante dirá a súa moza: "Déjale con su querella, que causa tiene para nos aborrecer". En *La Rosa de Papel*, Simeón Julepe di ao ver äs "cotillonas" onda súa muller encamada: "¡Rediós! ¡A se apartar prontamente!". En "Por la tierra salieniense. El Castillo de Lobeira" de *Cartas Galicianas*, a moza comentando un encantamento que hai no monte de Lobeira, di que o castrón estaba "siempre a se reír, a se reír".

c) Trasládase tamén a ausencia —propia e habitual do galego— do reflexivo con verbos que o esixen en castelán. En *Águila de Blasón* di La Pichona: "A un curmano de mi madre que hizo la aventuranza de ir y traer un hueso se le apareció la Santa Compaña...! Y de allí a poco tiempo dio en ponerse amarillo como la cera y murió", no canto de "se murió" como calco do "morreu" galego non reflexivo. En *El Embrujado*: "Murieron las tórtolas que estaba criando para el lucerín"; Máis tarde dirá Dna. Isoldina: "¡Cayó en la cancela! ¡Tiene el niño abrazado!"

2.2.3. No posesivo.

Na abundante utilización dun artigo precedendo a un posesivo, de uso obrigado en galego.

En *Flor de Santidad* exclama Ádega ante o pelegrín morto: "!Y cómo ellos vos dejaron cuitado del mío querer!". En *Los Cruzados de la Causa* replicou Micaela La Roja: "No son ladrones que, por veces una voz muy temerosa clama por el nuestro amo!". En *Cara de Plata* un pastor desanima aos chaláns nas súas pretensións de parlamentar con D. Juan Manuel, xa que cando el o intentou "me oyó tirándose de las barbas, y acabó con que fuese a pedírselo la mi parienta".

2.2.4. No verbo

a) No uso de formas non persoais —infinitivo, xerundio e participio— con valores pouco habituais ou inexistentes en castelán.

—Aparición en *La Media Noche* do xerundio precedido da preposición "en" co valor aspectual imperfectivo terminativo: "Adonde no hagamos falta. En llegando, nos mandarán retirarnos", comenta un soldado.

—Introducción de participios irregulares galegos como "quedo" ou "canso". ás veces xa adxectivados como en "leche presa" (*Jardín Umbrío*).

—Uso do infinitivo precedido da preposición a con valor xerundial en, por exemplo, "Rosa de mi romería ¡Todo es a cantar!" (do poemario *El Pasajero*).

—Preferencia da forma de infinitivo para construccións imperativas negativas: "¡No me dejar aquí sola" en "Ádega" ou "No asustarse, vecinos, es el credo moderno" en *La Rosa de Papel*.

Nas afirmativas, en cambio, úsase a miúdo a forma plenamente galega: "¡Acudide vecinos!" di La Disa en *La Rosa de Papel*, aínda que pode aparecer raramente en contexto negativo: "No riades, rapaces, que no hay picardía" en boca do Cego de Gondar en *Romance de Lobos*.

—Importancia especial reviste o uso do infinitivo conxugado, peculiaridade verbal exclusiva do galego e do portugués. Por exemplo cando Fuso Negro lle contesta a Don Juan Manuel en *Romance de Lobos* que o corazón "aún cuando lo arrancaren del pecho con los dientes, vuelve otro a nacer".

b) É de notar tamén a aparición de formas de Futuro de Subxuntivo (forma que presenta desinencias comúns co infinitivo conxugado en galego), aínda en uso no século XIX: "Recuérdome un año, por la fiesta, que mandó dar de beber y comer a todos los rapaces que bailaren" comenta un vello en *Águila de Blasón*. Da mesma obra: "Ya tendrían buen tino de cerrar los ojos cuando pasares por la mi vera". No conto "Mi bisabuelo" de *Jardín Umbrío*, un murmurio popular di: "¿Adónde irás que no penares?" e en *El Embrujado* di Anxelo: "Si me abra-

zares, caeríamos los dos en el profundo infierno",

c) Valle utilizou a forma en *–ra* co valor de antepretérito, habitual en galego, en vez da forma composta máis común en castelán, sobre todo nos períodos narrativos dos seus primeiros escritos. Chama a atención, sen embargo, que apenas se bota man deste recurso para caracterizar personaxes. Hai un caso en *Romance de Lobos*, cando Ádega la Inocente di que "El Divino Jesús también anduvo pidiendo por los caminos del mundo con unas alforjinas a cuestas que le bordara la Virgen Madre".

d) Pola contra, as perífrases verbais, con valores e significados propios do galego, aparecen de xeito constante. Son numerosas as que caracterizan os diálogo dos personaxes galegos, aínda que tamén están presentes en obras non ambientadas en Galicia, sobre todo formando parte do texto narrativo, e mesmo ás veces como rasgo de estilo do autor como temos visto. Algúns exemplos son:

—Co valor de tempo futuro como en "Agora mismo voy ver" que di Andreíña en *Romance de Lobos*.

—De aspecto perfectivo reiterativo cando La Roja di: "¡A solas con esta vieja ben se tiene dolido!"; ou unha vella que di: "Tengo oído que también sucede por veces heredar aquella condición de la leche que se mama y no de la sangre", ambas en *Águila de Blasón*.

—Con valor aspectual imperfectiva construída con infinitivo, considerada dialectalmente como trazo propio e de especial intensidade na microsubárea do Salnés. En *El Embrujado* di Mauriña: "Ya estou a temblar" e máis adiante ela mesma "¡Habla tú alguna sentencia, langrán! ¡Siempre a callar como una piedra!". En *Divinas Palabras* di Simoniña "¡Están a petar, mi padre!"

—Perífrases modais. En *Romance de Lobos* coméntalle o mariñeiro a Don Juan Manuel: "Hemos venido con los cuatro rizos, y aínda hubimos de arriar la vela al pasar La Bensa".


e) Uso do pretérito —co amplio valor que esta forma ten en galego— en lugar do antepresente ou pretérito perfecto composto do castelán. Este fenómeno é un dos rasgos máis claramente identificador non só do galego senón tamén do castelán falado en Galicia. Mesmo ás veces na obra de Valle, aparece trasladado o *-s* final (provinte de -CHES) característico da segunda persoa de singular do pretérito, como sucede en *El Embrujado* cando El Cabezalero lle di á avoa: "¿Distes aviso que venimos a pagarlos del Foral de András?". Xa en plural pregunta Juana La Reina a Pedro Gailo en *Divinas Palabras* "¿Cómo no disteis la comunión en la misa?".

Merece especial atención a forma coa que aparecen os pretéritos de TRAER: trujo, trujeron, truje… en *Sonata de Otoño*, *Águila de Blasón, Cara de Plata, El Pasajero, El Marqués de Bradomín, Divinas Palabras* e *Farsa Italiana de la Enamorada del Rey*. Por exemplo en *Divinas Palabras* comenta Mari Gaila do carretón do eivado: "Es el bien que me trujo la herencia renegada". Máis tarde, Marica del Reino exclama ante "dos marranos" que "gruñen sobre el dornajo": "¡Cache!... ¡Cache, grandísimos ladrones!... ¡Nuestro Señor me valga, los bacuriños sobre el carretón! ¡A las calladas me lo trujeron!". A explicación a esta forma hai que buscala en que a adaptación fonética ao castelán non se opera sobre a forma máis común no galego (trouxeron) senón sobre a dialectal específica do Salnés (truxen, truxo…), con monoptongación[28].

Outras interferencias son:

a) O trasvase de construccións de preposición ante obxecto directo, inusuais en castelán: "Llaman en la puerta" ("Ádega").

[28] *Atlas lingüístico galego. Morfoloxía*. Mapa 386. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña. 1991.



O icono ⊖ marca ☆ a variante "truxen" (truje), que aparece repetidas veces na obra de Valle-Inclán. A variante coincide coa xeografía do Salnés e mais exactamente con Vilanova de Arousa. De *Atlas lingüístico galego*. Mapa 386.

"Vinieron a comer en él" (*Divinas Palabras*). "No daban con ellos" (*La Rosa de papel*).

b) Cando teñen distinto significado nas dúas linguas, asume o que ten na galega: "Tendrás todos los honores, sin que te falte cosa ninguna", no canto de "alguna" en *La Rosa de Papel*.

"Mismo" co sentido de "mesmo" (incluso): "mismo parece que deseaban la muerte de la pobre santiña" (Benita la Costurera en *Romance de Lobos*)

Outros son: "cuadran" co senso de "cadran" (coinciden). "Pensar que" co significado extendido tamén a "creer que" que ten en galego ou "bien" es de bastante: "bien mala cosa es" en *Romance de Lobos*.

c) É de notar tamén o uso de xiros e frases feitas calcadas do galego. Entre outras podemos sinalar: "Pecamos a las escuras" en *Cara de Plata*, "A las calladas me lo trujeron" en *Divinas Palabras*, "Pues de aquella, yo aún andaba incorporado a la partida de Doroteo Rojas" en Tirano Banderas; "Dióles ahora el aquel de quedarse aboyadas"(82) en *La Rosa de Papel*; ou cando en *El Marqués de Bradomín* di Florisel: "Y hace falta lavarse la cara casi que todos los días", onde se calcan fórmulas expresivas como ás escuras, ás caladas, daquela (con valor adverbial), o aquel ou cáseque.

CONCLUSIÓNS

Xa para finalizar, só resta concretar as conclusións ás que é posible chegar despois de todo o ata aquí exposto.


—A primeira delas, e polo que atinxe ás denominacións utilizadas por Valle-Inclán na súa obra literaria para referirse ao galego, cabe deducir que, como noutros ámbitos Valle reproduce os términos e conceptos que a filoloxía do tempo do Rexurdimento usaba a fíns da decimonovena centuria. É dicir, simultanea as nocións de lingua e dialecto tal e como se facía daquela.

Hai que apuntar sen embargo, que Valle mantivo sempre estes conceptos con ese significado a pesar dos cambios que a lingüística moderna introduciu no significado de ambas palabras. Tamén usou os términos “lengua visigoda” ou “arcaica”, inspirados moi posibelmente, como temos visto, nunha publicación que marcou un antes e un despois na concepción que sobre a historia da lingua se tiña naquel entón, como foi *El idioma gallego* de Antonio de la Iglesia.

—A segunda afecta ao trasvase do galego ao castelán de léxico e de hábitos e formas gramaticais galegas. Vimos que este recurso –ás veces non era tal por ser algo inconsciente— procurou nun primeiro momento unicamente darlle tintes galegos a ambientes e a certos personaxes para logo convertirse na obra de Valle nun recurso estilístico utilizado incluso en obras non galegas.

A fonte na que Valle bebeu foi —ademáis da literatura producida no século XIX en Galicia— o galego oral, o mesmo que os demáis escritores, xa que naquela altura a estandarización do idioma todavía era un proxecto de futuro. Este galego oral aparece —como non podía ser doutra maneira— inzado de dialectalismos e estes, polo que temos comprobado, reproducen sempre, cando as hai, as particularidades —moitas veces exclusivas— da microsubárea do Salnés. É o que acontece coa neutralización VER/MIRAR, coa forma TRUJO de “traer”, ou coa perífrase imperfectiva ANDAR A + INFINITIVO con valor xerundial.

Con estes materiais criou un “sincretismo” idiomático, como dixo Paz Andrade, que individualizou e deu orixinalidade a súa producción literaria.



OBRAS DE VALLE-INCLÁN CONSULTADAS E EDICIÓNS UTILIZADAS, SEGUIDAS DAS ABREVIATURAS COAS QUE SE CITAN NO GLOSARIO:

FITCHER, W.L.: *Publicaciones periodísticas de Don Ramón del Valle-Inclán anteriores a 1895*. El Colegio de México. México. 1952. 1ª ed. **PPF**.

VALLE-INCLÁN, RAMÓN Mª DEl: *Femeninas. Epitalamio*. Espasa Calpe. Colección Austral. Madrid. 1978. **F. EPI**.

SONATAS. Espasa Calpe. Madrid. 1969. **SO**, **SE**, **SP**, **SI**

CORTE DE AMOR.Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1970. 5ª ed. **CA**

JARDÍN UMBRÍO. Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1994. 8ª ed. **JU**

LA MARQUESA ROSALINDA. *El Marqués de Bradomín*. Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid, 1971. 2ª ed. **MR**, **MB**.

CLAVES LÍRICAS. Espasa Calpe, Colecc. Austral. Madrid. 1995. 4ª ed. **CL**

ÁGUILA DE BLASÓN. Espasa Calpe. Colecc. Austral. 1972. 3ª ed. **AB**

EL YERMO DE LAS ALMAS en *Obras Completas*. Rivadeneira. Madrid. 1945. **YA**

ROMANCE DE LOBOS. Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1984. 8ª ed. **RL**

LOS CRUZADOS DE LA CAUSA. Espasa Calpe. Colecc. Austral. 1985. 8ª ed. **CC**

EL RESPLANDOR DE LA HOGUERA. Espasa Calpe. Colecc. Austral. 1994. 8ª ed. **RH**

GERIFALTES DE ANTAÑO. Espasa Calpe, Colecc. Austral. Madrid. 1960. **GA**

VOCES DE GESTA. *Cuento de Abril*. Espasa Calpe, Colecc. Austral. Madrid. 1960. 3ª ed. **VG**, **A**

TABLADO DE MARIONETAS PARA EDUCACIÓN DE PRÍNCIPES (*Farsa Italiana de la Enamorada del Rey; Farsa Infantil de la Cabeza del Dragón; Farsa y Licencia de la Reina Castiza*). Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1990. 8ª ed. **TM**

RETABLO DE LA AVARICIA, LA LUJURIA Y LA MUERTE (Ligazón; *La Rosa de Papel, El Embrujado, La Cabeza del Bautista, Sacrilegio*). Espasa Calpe, Colecc. Austral. Madrid.1996. 7ª ed. **LI, Rpap, E**, **Cbau**, **Sac** respectivamente.

LA LÁMPARA MARAVILLOSA. Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid.1995. 4ª ed. **LM**

CARA DE PLATA. Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1994. 9ª ed. **CP**

MARTES DE CARNAVAL. Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1973. 3ª ed. **MC**.

TIRANO BANDERAS. Planeta. Barcelona. 1994. 1º ed. **TB**.

LA CORTE DE LOS MILAGROS. Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1968. 2ª ed. **CM**

DIVINAS PALABRAS. Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1961. **DP**

FLOR DE SANTIDAD. La Media Noche. Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1984. 7ª ed. **FS, LMN**

LUCES DE BOHEMIA. Espasa Calpe. Colecc. Austral. Madrid. 1980. 11ª ed. **LB**

VIVA MI DUEÑO. Espasa Calpe. Colecc. Austral. 6ª ed. 1952. **VD**

BAZA DE ESPADAS. Fin de un Revolucionario. Espasa Calpe. Colec. Austral. Madrid.1992. 4ª ed. **BE**, **FR**.

FLORES DEL ALMENDRO. Ed. Bergua. Madrid.1936 (para os contos "Ádega", "Malpocado" e "Hierbas olorosas") **FA**.

GLOSARIO[29]

(Cítanse as obras coas iniciais marcadas na bibliografía)

ABADE: FS, AB, RL,CP. Superior dun mosteiro ou colexiata. Titular de parroquia, cura.
ABICHADO: LB, Froito con bicho; persoa de mal xenio.
ACOCHAR: RL.Tapar con roupa. Ocultar. Agochar.
ACUDIDE: AB, Rpap. Imperativo de "acudir".
ADEPRENDER: RL MB. Popularismo por aprender.
ADOLECIDO: DP, Rpap. (por adoecido). Participio do verbo "adoecer": sentir irritación, rabia.
AFOGAR: RH. Morte por suspensión da respiración.
AGARIMAR: CP. Facer aloumiños, acariñar.
AGONIAR: YA. Causar agonía, molestar, atormentarse.
AGORA: FA; AB; FS; RL; CC; RH; MB; VG; E. Neste momento.
AGORERÍA: CC. Neoloxismo criado sobre agoreiría. Facer predicción.
AGORINAS: CP: Neoloxismo. As que fan agoiros.
AGRO: AB; CP; CC; CA; E. Terreo cultivado. Conxunto de leiras valadas.
AGUANERA : LMN. (Aguaneira) Rata de auga.
AÍNDA: (ou INDA) AB; RL; CP; CC; DP. Acción na súa duración.
ALARBIO, A: FS. : Alarbe. Home inculto, brután, comellón.
ALARREDOR: CC. De arredor. En volta.
AMOSTRAR: CP; CA; DP. Popularismo por amosar.
AMOSAR: RL; Deixar ver algo intencionadamente ou non.
ANACO: RL: Parte pequena de algo. Intre de tempo.
ANDRÓMENA: AB; CP. Mentira, bouba, trola.
AÑOTO: FA; FS. Dialectalismo por añagoto, año menor dun ano.
ARRAPOSADO: CP; Con aspecto de raposo. Persoa que fala, obra ou mira cautelosamente.
ARRECIDAS: RH; LB; Rpap; MC. Participio de arrecer. Entumecer.
ARREGAÑAR: AB; RL; TB; E. Popularismo por regañar. Manifestar enfado. Fender.
ARRENEGAR: FA; PPF; FS; RL; CP; DP. Popularismo por renegar. Abandonar ou rexeitar a relación existente cunha persoa, idea ou crenza.
ARRENTES: E. Próximo, á mesma altura, moi achegado.
ARREPARAR: PPF. Popularismo por reparar. Enmendar, restaurar, vixiar, fixarse nalgunha cousa.
ARROASES: RL. Dialectalismo por arroaz. Cetáceo común. (Con seseo).
ASINA: AB; JU; VG. Popularismo por axiña, adverbio. De seguido, rapidamente.
¡ASÚS!: FS; AB; RL. Exclamación popular por ¡Xesús!

29 *Atlas lingüístico galego*. Morfoloxía. Mapa 386. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña. 1991.

ATOPAR: JU; MB. Dar co que se busca.
ATUIR: LMN. Tapar algún conducto. Atascar. Atoar.
ATURUJAR: FA; CP; JU; CL. Emitir berros festivos.
AVENTURANZA: AB; E. Acción con aventura.
AVILLAR (Por abillar): AB; MB. Pór unha billa a un recipiente para extraer o líquido.
BABALÁN: E. Parvo. Necio.
BABIóN: VD. Popularismo por babiolo. Persoa de pouca lucidez e menos discreción.
BACURIÑOS: DP. Variante de bacoriño. Porco pequeño que aínda mama.
BARBOLLEO: BE. Variante de barbulleo. Barullo. Ruído de varias persoas que falan a un tempo.
BARULLAR (A BARULLO): Rpap. Desorde, confusión, balbordo.
BERMELLO: CC; FA; FS; CP. Variante por vermello. Cor do sangue, rubio, colorado.
BIROQUE: DP. Birollo, con estrabismo.
BON: CL. Variante de bó. Que satisfai, útil, beneficioso.
BORONA: FA; AB; CC; RH; JU. Por boroa. Pan de fariña de millo.
BOUZA: FA. Terreo a monte e cheo de mato.
BRAÑAS: CP; DP; E. Terreo baixo e con humidade constante. (Aparece como topónimo "A Braña", praia de Vilanova de Arousa).
BROAR: RL; FS. Ruído, rumor.
BUFARADA: VG. Cheiro forte que se percibe de súpeto. Golpe súbito e violento.
BUFARDA: Rpap. Ventá que sobresae no tellado. Cuarto ou vivenda no faiado dunha casa.
BURATA: CP. Cova grande, foxo.
CABO DE: FA; FS; TB; E. Expresión con valor locativo. Xunto a, a carón.
CACHAS: CM. Parte carnosa do glúteo, nádega.
CACHE: DP. Interxección que se emprega para escorrentar a un animal.
CACHEAR: CP; DP; Rpap. Rexistrar, buscar algo.
CACHIZAS: CP; VD. Anaco pequeno que queda dun obxecto ao escachar.
CACHUCHA: CM. Cabeza do porco salgada.
CADELA: AB. Femia do can.
CADELO: RL; CP. Can pequeno ou novo.
CADRIL: CP. Cada unha das rexións óseas saíntes formadas aos lados do corpo pola pelve.
CALDERADA: DP. Por caldeirada. Comida preparada con peixe cocido variado, patacas e allada.
CALMO: SP. Adxectivo. Que está en calma.
CANAVAL: E; DP. Lugar poboado de canaveiras.
CANCELA: FA; FS; SP; SE; CP; CC; GA; JU; TB; MB; MR; E; MC; CA. Utilizado co sentido que ten en galego de estructura que se coloca nunha portela para abrir ou pechar o paso a unha leira ou camiño.
CANECO: TB; DP. Recipiente máis grande ca caneca

xeralmente alto e estreito.
CARABEL: RL; CP; RH; JU. Flor.
CARBALLO: CC. árbore da familia das fagáceas, de folla caduca. Quercus robur.
CARCAMANA: TB; TM. Persoa vella, reaccionaria.
CARÓN, A: CM. Locución adverbial. Ao lado de.
CARRERO: CP. Por carreiro. Camiño estreito para o paso dunha persoa.
CARRIZO: MR. Paxaro insectívoro.
CARTO (CARTIÑO).: CP. Antiga moeda de cobre. Nome xenérico do diñeiro.
CAS DE: Rpap. Locución preposicional. Na casa de.
CATEAR: LMN; RL; JU. Popular por catar. Probar, mirar con atención.
CATIVO: FS; SP; RL; CP; JU; MB; DP; E. Persoa pequena ou de pouca calidade.
CAVADA: SI; AB. Acción de cavar, foxo.
CEDO: PPF. Nas primeiras horas do día, pronto.
CHANGA: MC. Facer changa, negocio.
CHAPEO: FA; RH; MR; TM. Sombreiro.
CHARAMUSCAS: MR; CP. Partícula incandescente que se desprende dun corpo en combustión, chispa.
CHIMPAR: CM. Guindar, botar abaixo, derribar.
CIROLAS: PPF, CP. Calzóns.
COCHO: RL; Rpap; DP. En Valle, co senso de cuarto ou lugar moi particular e íntimo dunha persoa.
CÓDEOS: JU. Denominación despectiva do estudiante que leva a comida de casa.
COLONDRO: E. Variante de colombro. Cabazo, planta da familia das cucurbitáceas.
COMPANGO: E; CC; DP; RL. Alimento sólido que se toma co pan
COMPAÑA, SANTA: FA; FS; AB; RH; JU; MB. Procesión de ánimas en pena.
CON: RL. Penedo situado na beira do mar ou na tona da auga. (Aquí aparece como topónimo: “Con del Frade”).
CONCHO: CP. Interxección. Exclamación eufemística que denota sorpresa ou asombro.
CONFORMIDADE: RL. Asentimento, aprobación.
CONGOSTO: DP. Camiño de carro.
CONQUERIR: FA; MB; LI; E; VD. Variante de conquerer. Soñar ou conseguir algo.
COROZA: CC; MR. Capa feita de palla.
CORREDOIRA: PPF. Camiño de carro.
COSCAS: CP. Cóxegas. Sensación de riso provocado por ser tocadas partes sensibles do corpo.
COSTAS: RL. Parte posterior do corpo humano, dos ombreiros ás cadeiras.
COTOVÍA: CL; VG. Paxaro da familia dos aláulidas. Galerita cristata.
CRENCHA: F; SO; SP; CC; AB; CR. Mato de pelo.
CRETO: PPF. Fama, boa reputación.
CRIANZA: CP. Cativo, criatura, neno.
CRIBERO: CC. Por cribeiro. O que fai ou vende cribos e cribas ou aparellos mecánicos para cribar sementes.
CROCA: RL. Castaña seca, cabeza.
¡CUIDADE!: FA; FS. Variante de coidade! : Preservar dun posible dano.
CURMANO, A: FA; FS; SP; AB; RL; MB; Rpap. Por curmán. Primo carnal.
CUSPE: CP. Líquido segregado polas glándulas salivares.
CUSPIR: E. Expulsar cuspe ou outra cousa pola boca.
DEMO: CP. Diaño, demoño.
DENDE: RL; CC; GA; CM. Preposición. Desde.
DENTALLA: VG. Conxunto dos dentes.
DENTALLADA: AB. Acción de chantar os dentes en algo.
DEPRENDER: FS, AB; SO. Facer que alguén chegue ao coñecemento de algo.
DERRAMA: CC. Poda. Acción de estragar algo.
DIAÑO: CC; MB; RL. Espírito do mal, demo.
EMPRESTAR: E. Deixar algunha cousa a alguén,
ENANTES: FA; FS; TB; MB. Variante de denantes, antes de.
ENGAYOLAR: CM. Meter nunha gaiola.
ESCACHAR: TB; DP; E. Romper en cachos.
ESCACHIZAR: CP. Romper en anacos unha cousa.
ESCARRILADA: Rpap. De escarriada. Fóra do camiño, perdida.
EASCOLANTE: CC. Mestre de escola.
ESCOMENZAR: AB. Dar principio a algo.
ESCORDAR: RL. Dislocar un membro do corpo.
ESCORRENTAR: CP. Facer fuxir persoas ou animais.
ESCRISMAR: CC. Romper a crisma.
ESCURO: JU; CP; RL; DP. Sen luz.
ESPADEIRO: CP. Variedade de uva tinta que se cultiva fundamentalmente no Salnés. Viño desta uva.
ESPADELA: CL; E. Operación de espadelar ou abrandar a casca do liño.
ESPANTAJO: (Por espantallo) JU. Boneco que se coloca para espantar ás aves. Persoa ridícula.
ESPARECER: CC. Variante de esparexer. Extender en distinta dirección algo que estaba xunto.
ESPAVENTO: TB. Xesto propio dunha persoa toleirana.
ESQUILMO: E. Conxunto de toxos e herbas que se colocan no monte para facer esterco na corte.
ESQUENCERSE: CC. Deixar de ter na memoria.
ESPOLISTA: PPF. Mozo que acompaña a un cabaleiro.
EXÉRCITOS: E: Forzas armadas.
FABLA: (Por fala): FA; FS; RL; MB; SO. Aquí como lingua natural dunha persoa ou comunidade.
FACHICO: FA; FS. (Fachizo en CP): Presa de palla que se prende para alumar.
FADA: FA;FS; LI; E. Muller feiticeira, meiga.
FALAGARE: CP. Variante de afagar. Proporcionar motivo de satisfacción.
FAYADO: CP; JU; Rpap; CM; VD. (Por Faiado) parte da casa que está inmediatamente baixo o tellado.
FAYO: Rpap: Variante de faiado.
FECHAR: VD. Facer que o que estaba aberto deixe de estalo.
FECHO: TB; VG; Rpap; VD. Mecanismo para fechar algo.
FERMOSURA: FA; FS. Beleza.
FERRADA: RH; LMN; VG; E. Colocar as ferraduras a unha cabalería ou ferraxes a unha cousa.
FERRADO: FA; SO; AB; CP; E. Medida de superficie ou de capacidade para cereais variable.
FERRANCHADA: Rpap. Algo feito con ferros vellos. Denominación despectiva.
FERRONEO: BE. Ruído de ferros.
FESTERO: AB; FA. Por festeiro, amigo de festas.

FIADA: PPF. Reunión de mulleres para fiar o liño. Pasar unha velada de festa.
FIGUEIRAL: VG. Terreo poboado de figueiras.
FIGUEIREDO: VG. Figueiral.
FILLOA: JU, PPF. Doce de fariña, leite, auga e ovos que se frite na filloeira.
FINCAR: E. Quedar, ficar.
FOL: CL; DP. Saco de pel para conter líquidos. Saco da gaita.
FOLGAR: CC. Descansar, divertirse.
FOLIADA: CP; E. Festa ou diversión nocturna: Baile, barullo.
FONTELA: SO; RL. (Como topónimo) fonte pequena.
FORAL: RL; E; PPF. Terreo dado en foro. Renda que se paga.
FRADE: FA; FS; RL. Membro dunha orde relixiosa.
FRIAJE: RH. Por friaxe. Frío do ambiente, sensación de frío.
FUJIR: FA; FS;CC; CA. Afastarse rapidamente por medo ou outro motivo.
FULVO: CP; CM. Amarelo tostado.
FUNGAR: CP. Aquí rosmar, refunfuñar.
FURRICALLO: CP; CC. Cousa de pouco valor.
FURRUÑA: VD. Variante de furruxa, substancia negra que deposita o fume nos obxectos.
GALGUEO: CM; DP; LMN. Salto, cabalgada.
GALORCHOS: VD. Calzado mal feito ou vello.
GÁNDARA: RH; JU; CM. Terreo baixo e inculto.
GARGALLADAS: CP. Risa forte e impetuosa.
GARRAFAS: TM; BE. Vasilla para conter líquidos.
GRAMALLERA: CP. Por gramalleira. Cadea de ferro pendurada da lareira para colgar o pote.
HERMANDINOS: PPF; IRMANDIÑOS en CP: Pertencente ás revoltas antinobiliarias acontecidas en Galicia no século XV.
ICHAVOS: PPF. Oitavo. Nome vulgar dalgunhas moedas de dous maravedís acuñadas dende os Reis Católicos ata Isabel II.
INDA: AB; RL; CC; DP; CP. (Alternando con aínda) Adverbio. Indica que unha acción se está producindo.
JUGUETA: CP. Por xogueta. Afeción desmedida ao xogo de cartos.
JUVENCO: DP. Por xovenco. Cuxo de ata dous anos.
LADRA: AB; DP; Rpap; E. Ladroa, muller que rouba.
LAGARTEIRA: CC. Lugar onde aniña o lagarto. Falcón que se alimenta preferentemente de lagartos.
LANGRAN: E Adxectivo. Persoa que non quere traballar ou alta e desproporcionada.
LAR: E; RL; VG; TM; PPF. Pedra plana onde se acende o lume. Fogar.
LARERA: DP; CM (Por lareira). Pedra onde se fai o lume no fogar. Cociña.
LEGOEIRO: DP. Peón camiñeiro.
LERIA: CP; LI. Conversa. Palabras vas e informais.
LÉVEDO/A: E. Masa de fariña fermentada.
LILAILOS: Rpap. Algo de pouco valor.
LOBICÁN: MB; CM. Animal resultado de cruzar un lobo cunha cadela ou un can cunha loba.
LONGURA: CM; VD. Lonxitude. A maior das dimensións.
LOSTREGAR: RL; TB; CM; VD; CL; BE; LM. Haber lóstregos.
LÓSTREGO: CP; LMN; E (Nesta última obra con valor metafórico “un momento”) Resplandor intenso da descarga eléctrica durante unha tormenta.
LUAR: CP; JU. Luz de lúa.
LUÍDO/A: PPF. Desgastado.
MACIDÁNS: PPF. (Por masidáns ou masidaos. En Valle, con ultracorrección do seseo). Natural de Maside (Ourense). Por adicarse de vello ao tráfego de carnes de porco salgadas e curadas, percorrendo tódalas feiras de Galicia para exportalas ao resto da península e de América, o término pasa a ser sinónimo de arrieiro. Ata o século XIX todavía conservaban a súa típica indumentaria cos chalecos de baieta, amarela, vermella ou verde. (Información recollida no Diccionario Enciclopédico Galego-Castelán de Eladio Rodríguez González).
MADRIÑA: AB. Muller presentadora do bautismo. Tratamento que recibe a avoa.
MAGUA: PPF. (Por mágoa) Dor moral ou física.
MAI: RH. Nai. Muller que tivo algún fillo, en relación con el.
MAIZA: E. Adxectivo. Fariña de millo ou maíz.
MALLO: PPF. Instrumento agrícola que se emprega para mallar.
MALPOCADO: FA; FS; DP. Infeliz, desgraciado. De pouca iniciativa.
MÁMOA: CP. Dólmen. Túmulo ou sepulcro propio do período megalítico galego.
MARELO/A: FA; AB; CP; CC; FS; VG; DP. Cor entre verde e laranxa como a do ouro.
MARICALLO/S: RL; CC. Variante de marica. En sentido despectivo, dise do home afeminado ou covarde.
MARIÑÁN: FS; FA; RL. Pertencente ou relativo á mariña. Da banda do mar.
MARTELEAR: CM. (Por martelar) Serie de golpes que se dan co martelo.
MODO, A: VD. Con tento. Pouco a pouco.
MOR: AB; RL; CC. (Por mor de). Con motivo de.
MORNO/A: TB; DP. Tépedo.
NACENCIA: AB. Nacemento. Tumor maligno. órgano sexual feminino.
NANAY: DP. (Por nanai) Palabra infantil e cariñosa para chamar á nai.
NÉBODAS: DP. Variante existente no Salnés no canto do común galego névedas. Pranta moi común en Galicia que se usa para aromatizar e condimentar alimentos.
NENO/A: YA; JU. Persoa no primeiro período da vida. Con pouca experiencia.
NON: RL. Negación.
NÓS: FA; FS; RL; CP; CC; JU; DP; E. Pronome persoal tónico, 1ª persoa plural.
NOSO: CP. Posesivo. 1ª persoa plural, referido a dúas persoas ou máis entre as que está o falante.
O: CP. Artigo masculino singular.
OBLIGA: JU. (Por obriga) Sustantivo. Deber, vencello, contrato.
ORBALLO: CL. Choiva miúda e persistente con aparencia de néboa.
PADRIÑO: AB. Persoa que presenta a quen recibe o bau-

tismo. Protector.
PAISIÑO: CP. Diminutivo de pai. (Con seseo).
PANOCHA: AB. Mazaroca de millo.
PANTASMA: VD. Espectro.
PATÍN: FA; EPI; SO; CP; JU; DP. Terraza pequena na que rematan as escaleiras exteriores que permiten o acceso ao sobrado dalgunhas casas.
PAULIÑA: CP. Excomunión. Reprensión moi severa.
PAY: CP (Por pai). Proxenitor.
PAZO: PPF. Antiga casa señorial galega con signos heráldicos e de proporcións suntuarias.
PENDULAR: LMN. (Por pendurar). Estar unha cousa colgada.
PENEDO/S: FA; FS. Pedra grande.
PETAR: DP; RL. Dar golpes nunha cousa ou persoa.
PICACHóN: Rpap. Pico estreito e longo para picar pedra.
PICARITO, PICARÍN: JU; VG; E. (Por picariño). Neno, rapaz de curta idade.
PINGA: CP. Gota. Pequena cantidade de líquido.
PINGÓN/PINGONA : LB; E. Persoa pobre. Farrapento.
PIPERETE: VD. (Por peperete). Cousa de comer exquisita.
PITEIRAR: CP. Dar co peteiro. En sentido figurado, montar o galo á galiña.
PITA: CP; E. Galiña nova.
PLAGA: PPF; FS. (Por praga). Maldición, dano persistente.
PODRE: FA; CP; MC. Podrido. Materia orgánica en descomposición.
PRESA: JU. Adxectivo. Leite callado.
PULO: Rpap. Impulso.
RABECHAR: DP. Rapar, cortar.
RABELO: CP. Pouco, máis curto do normal.
RABUÑAR: RL; CL. Ferir coas unllas. Apañar cousas.
RACHAR: CP; BE. Separar en dúas partes.
RAYOLA: RL; RH; CM. (Por raiola). Feixe de luz ou pó.
RECADAR: TB. Reunir, recoller varias cousas separadas.
REMEGER: TB; S. (Por remexer). Dar voltas a algo, remover.
REPENICAR: CP. Tanxer unha campá repetidamente.
RESPETOSO: PPF. (Por respeitoso). Que garda respeto.
RESOLIO: E; DP; CP. Augardente doce.
RETALEABA: BE. Discutir o precio dunha mercadoría.
RIVEIRANA: E; SO; MB. (Por ribeirana). Baile galego.
RIZÓN: RL. áncora de tres ou catro dentes.
ROMAJE: DP. (Por romaxe). Romería. Festa popular ao redor dun santuario ou ermida.
ROMANCIÑO: VG. Romance curto.
ROSMAR: SI; AB; RL; TB; TM; CM. Protestar falando en voz baixa.
RÚA: CA. (En CC aparece como o nome dunha illa da Ría de Arousa). Vía urbana con edificios.
RUADA: CP. Festa nocturna na rúa. Baile ou diversión popular.
RUERO: DP. (Por rueiro). Grupo de casas. Aquí equivale a estar de festa.
RULA: CP. Ave columbriforme. Lonxa. En Valle, co sentido de moeda.
SALSERO: SE; AB; CC. (Por salseiro). Escuma ao romper a auga contra os cons. Pingas de néboa.
SALUDIÑA: CP. (Por saudiña). Desexar saúde afectuosamente.
SANTIÑA: RL. Diminutivo afectivo de santa.
SAUDADE: PPF; SO. Lembranza. Nostalxia dun tempo pasado.
SAUDOSA: PPF. Que ten saudade.
SEDÁN: FA; FS; AB; MB. Pano fino de seda.
SEDE: CC. Necesidade de beber.
SEÑORIÑO: PPF. Diminutivo afectivo de señor.
SERÁN: PPF. Parte do día que comprende desde a última parte da tarde á entrada da noite.
SOLLADO: TB; BE. Piso de madeira, sobrado.
SOMBRIZO: TB. Lugar ou terreo que está en sombra.
SONA: PPF. Fama, renome.
SUPETAMENTE: PPF. De pronto, súbitamente.
SURA: FS. Expresión para chamar ás pombas ou ás galiñas.
TETO: CP. Cada unha das mamas da ubre dun mamífero. Aquí con sentido figurado.
TEXELÁN: FA; FS. (Por tecelán). A persoa que fai tecidos.
TOBO: CC; VG. Buraco. Cova ou refuxio baixo a terra.
TOLLERA: TM. (Por tolleira). Paliza que deixa eivado a alguén.
TURRAR: RL; DP. Tirar, arrastrar de algo ou alguén.
USTEDE: PPF; AB; RL; E. (Por vostede). Tratamento de cortesía.
VAITES, VAITES: PPF; RH. Exclamación de rexeitamento por dúbida.
VEIRAL: PPF. (Por beiral). Parte do tellado que sobresae dos muros. Valo. Linde ou marxe dun terreo.
VELIDO/A: VD; CM.(Por belido, a) Especie de nube ou teíña branca que se forma na córnea do ollo e dificulta a visión. Catarata.
VELLA: VG. Muller de idade, anciá.
VERDADE: FA; FS. Conformidade do que se di ou pensa coa realidade.
VERME: RL. Animal invertebrado alongado. Lombriga.
VICADA: CP. (Por bicada). Acción de bicar. Comida que as aves levan no peteiro. Parte de algo conseguido sen esforzo.
VILAR: VG. Aldea pequena, lugar pequeno.
VIÑO: PPF. Bebida alcohólica obtida da fermentación da uva.
VITELO: CP. Cuxo. Tenreiro novo de dous anos.
VÓS: FA; PPF; FS; AB; RL; CP; JU; E; TB; MB; VG; DP; TM;VD. Pronome tónico, 2ª persoa plural.
VOSO: PPF. Posesivo, 2ª persoa plural; Dúas ou máis persoas posúen sen incluír o falante.
VOSTEDES: MB. Tratamento de cortesía en plural.
ZANFOÑA, ZAMPOÑA (En RL): E; DP. Instrumento musical de corda que se toca xirando unha manivela.
ZOCADA: E. Golpe dado cunha zoca. Torpeza.

DICCIONARIOS CONSULTADOS:
Gran Diccionario Xerais da Lingua. Xerais. Vigo. 2000.
Rodríguez González, Eladio: *Diccionario Enciclopédico gallego-castellano*. Galaxia. Vigo.1958.
Enríquez Salido, Mª del C.: *Léxico de O Grove*. Verba. Universidade de Santiago de Compostela, 1974.
Moliner, Mª: *Diccionario de uso del español*. Gredos , Madrid.
Diccionario de la Lengua Española. RAE. Madrid.1984.



Don Juan Manuel Pereira de Castro. Paralelismos con don Juan Manuel de Montenegro

Gonzalo Amoedo e Roberto Gil

Establecer paralelismos soe ser absurdo, e máis cando se trata de establecelos entre personaxes reais, máis ou menos envoltos na brétema das lendas, e aqueles que son paridos pola fecunda imaxinación dun escritor como Valle-Inclán. Vaia por diante esta pequena confesión coa que pretendemos facernos perdoa-la ousadía de intentar realizar, como un simple xogo, non o paralelismo anunciado, que podería resultar desproporcionado para as nosas forzas, pero si deixar patente que entre os mundos de Valle e o de Pereira, cando menos hai varias similitudes que merecen ser comentadas. Polo de pronto, como entremés, pénsese na coincidencia de nome do protagonista de *Romance de lobos*, *Águila de Blasón*, *As Sonatas*… e o Pereira, e da coincidencia da extracción social fidalga.

Pero coma nós non debemos de ser tan pretensiosos como para imaxinar ou dar a imaxinar descubrimentos que non nos corresponden, dicir tamén que os primeiros en falar destas semellanzas foron Don Ramón Otero Pedrayo, amigo de Valle-Inclán (que máis tarde, moito máis tarde das *Comedias Bárbaras*, imaxinaría a súa novela *O señorito da Reboraina*), e o mesmo Valle, nunha conferencia no Ateneo madrileño que, desgraciadamente, non demos localizado á hora de pechar este artigo, pero que Robert Lima a menciona na súa biografía sobre o escritor, publicada pola editorial Nigra Imaxe.

Comezando hai que dicir que cando Gonzalo Allegue describe no nº1 de *Cuadrante* a Valle Bermúdez, pai do escritor Valle-Inclán, coma: "un hombre de carácter, activo, inquieto, quizá una punta disperso, a la manera de algunos héroes barojianos del XIX", antóllasenos que está describindo a Pereira. E proseguimos, levados do fío conductor do propio Gonzalo Allegue, cando o describe como "exaltado setembrino firmante de proclamas antiborbónicas, el irónico debelador de alcaldes y secretarios de ayuntamientos, el republicano de 1873…" A similitude é bárbara, como se verá máis adiante.

Se ben a crenza popular, tal e como se pode ler na placa existente na fachada da Casa Grande de Reboreda, dicía que, coma Valle Bermúdez, Juan Manuel Pereira Castro Prego de Montaos Araújo Sotomayor1[1] nacera no ano 1823, a realidade é que nacera tres anos antes, concretamente o día 24 de maio de 1820, no pazo de Reboreda, Redondela, sendo fillo de Ignacio Manuel Pereira Rodríguez Avalle Mosquera Prego y Sotomayor, un activo militar contrarrevolucionario durante o Trienio Liberal, que chegou a Coronel do Rexemento de Tui e "Vicepresidente da Xunta Apostólica de Galicia, Comandante Xeneral da División do Miño e Xefe principal dos voluntarios Realistas de Galicia"[2], e de Rosa Castro y Gayoso. Unha simple consulta

[1] Fonte: *Heráldica en las Iglesias del Obispado de Tui,* por Aquilino González Santiso, artigo publicado na revista *Tui*. *Museo y Archivo Histórico Diocesano*, Tomo V, ano 1989.

[2] Segundo palabras de Xosé Ramón Barreiro Fernández, *Liberales e absolutistas en Galicia*, Edicións Xerais. Vigo.



Pazo Reboreda (Redondela)

ó Arquivo Histórico Diocesano de Tui pode sacarnos de dúbidas. A súa partida de bautismo, inscrita no Libro IV de Bautismos da parroquia de Santa María de Reboreda, ó Folio 152, di:

> "En 24 de mayo del año del señor de 1820 Yo don Ramón Pereyra, Abad de esta parroquia de Santa María de Revoreda Bautice solemnemente un niño que dijeron haber nacido en el mismo día hijo legítimo de Don Ignacio Manuel Pereyra y de su mujer Doña María Rosa de Castro y Gayoso vecinos de esta feligresía, le puso de nombre Juan Manuel Robustino, fueron sus padrinos Don Gregorio Opazo y Doña Rita Gayoso vecinos de Santa Eulalia de Vanga, a los que advertí el parentesco espiritual y mas obligaciones de la Iglesia, Abuelos paternos Don Juan Manuel Pereyra y Doña Manuela Rodríguez Avalle vecinos de esta, Maternos Don Manuel de Castro y Doña Rita Gayoso vecinos de la referida Santa Eulalia de Vanga en el Obispado de Orense y para que conste lo firmo."[3].

Os comezos non semellan moi alentadores, se pensamos na figura de Don Ignacio Manuel, pero Pereira Castro destacaría durante toda a súa vida por ser todo o contrario do seu pai, quen morreu no ano 1830, sendo este aínda un cativo. Polo contrario distinguíuse sempre por ser iconoclasta, rifante, polígamo e revolucionario, estando máis preocupado en dilapida-los bens herdados —que a súa futura esposa tería que ir empeñando pouco a pouco, para prosegui-la carreira política e o afán de gloria do seu marido—, que en prosegui-los pasos do absolutista proxenitor.

O aparente conflicto entre o absolutismo do pai e a fervenza liberal do fillo, como di

3 Arquivo Diocesano de Tui.



Otero Pedrayo: Día de Rosalía. Padrón 1958.

Xosé Ramón Barreiro nun excelente traballo titulado *Ficción e realidade histórica na novela O señorito da Reboraina* de Otero Pedrayo, publicado nun dos dous tomos do *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, non deixa de ser un esquema reproducido con demasiada frecuencia entre a intelectualidade galega daquel entón. Pénsese senón en Faraldo ou en Curros Enríquez, con proxenitores de parecido talante político.

Por certo que Juan Manuel Pereira, dono dos vínculos de Reboreda, Xunqueiras, Amieirolongo, Grixó e Arcos, casaría no ano 1851 na propia parroquia de Santa María de Reboreda coa ourensá Narcisa Blanco Novoa, a quen coñecera no ano 1848, nun alarde propio de escena valleinclanesca, logo de, quizais fuxindo, salta-la tapia do convento das Mercedarias desa cidade, onde comezara a súa vida política. Don José Becerra, xefe político desa provincia, dicía del en decembro de 1842 o seguinte:

> "…sabemos que el revolucionario Don Juan Manuel Pereira, titulado señor de Reboreda, que se encontraba hace tiempo en los pueblos fronterizos del vecino reino de Portugal, con planes subversivos a la tranquilidad de esta provincia y de la de Pontevedra, acaba de presentarse a las autoridades portuguesas de Chaves, reclamando el asilo que el derecho de gentes concede a los emigrados. Estas dispusieron internarlo en Vila Real"[4].

Pouco debeu de dura-la súa estancia nas terras portuguesas, pois en outubro de 1843 tería lugar o pronunciamento liberal esparterista, que tivo grande difusión en Vigo e na súa área de influencia, no que participaría o noso Pereira, a tal punto que don Vicente de Vicente, alcaide da illa de San Simón —illa que viña funcionando como lazareto do porto desa cidade dende o 25 de setembro de 1842—, sería acusado de facilitar aquelas instalacións para a reunión entre os exiliados e os pronunciados. O deputado titular Ramón Martínez Saco[5] e o seu suplente Juan Manuel Pereira de Castro foron acusados de tomar parte na sublevación de Vigo. Pereira sería acusado ó tempo de ameazar ós licenciados do exército co obxecto de que se sumasen ó pronunciamento, constatándose no caso do seu amigo e compañeiro Martínez Saco, que acompañara ó xeneral Iriarte, home de confianza de Espartero e máximo responsable dos acontecementos dende o punto de vista militar[6].

[4] Fonte: *Boletín de Noticias,* A Coruña, 6/12/1842.

[5] Nótese, a título de curiosidade, a coincidencia de apelido entre Ramón Martínez Saco e a primeira muller de Valle Bermúdez, dona Ramona Montenegro y Saco, así como a das súas iniciais.

[6] Para saber máis sobre deste suceso, consultar *Las Élites y el Poder Político…*, de Pablo Taboada Moure e *As Illas de San Simón*, de José Antonio Orge Quinteiro. Segundo o profesor Barreiro, ese Xoán Manuel Pereira non sería o noso, senón un curmán seu, apelidado Pereira Cernadas, quen sería de Soutomaior. Nós, sentindo disentir de tan eminente erudito, reafirmámonos en que se trata do noso Pereira de Castro.

Por tal motivo, o gobernador civil anularía o resultado das eleccións, sendo elixido nunha segunda volta, no lugar de Martínez Saco, Manuel Troncoso Almansa, un conservador que chegaría a exercer de alcalde de Redondela en varias ocasións.

En agosto de 1848, Juan Manuel Pereira, por entón Deputado a Cortes polo distrito de Ponteareas, foi acusado de dirixir unha proclama ós habitantes de Galicia e ó Exército instándolles á rebelión contra do goberno constituído[7]. Por tal motivo, e por vez primeira, coñecería o cárcere; foi xulgado en outubro dese ano pero conseguiu fuxir de forma espectacular nun buque, logo de pasar, ferido, polo Hospital da Coruña levando consigo médicos e sentinelas, que o trasladarían ben lonxe, pensamos que á zona de Monçao, onde foi axudado polo seu parente o Barón do Hospital Joaquim de Queiroz.

Logo de agardar a amnistía do Goberno, pois fuxir con soldados constituía un delicto común, e aproveitando que era deputado, optou, para cortar o enredo, por presentarse no Congreso, convenientemente disfrazado. Entrando sen previo aviso, ocupou o seu asento, sen que ninguén se atrevera a prendelo naquel momento, permanecendo libre, votando e exercendo o honroso cargo de representante do país. Os soldados que o acompañaron serían indultados polo Xeneral O'Donnell, quen lles concedeu como premio a licencia absoluta. ¿Quérese maior similitude cos personaxes de Valle?

Otero Pedrayo describiría esta acción como segue: "nun burato da ponte vella de Ourense estivo escondido, pois a súa cabeza valía moitos centos de isabelinos, e alí un criado lle levaba a merenda e as cartiñas de amor. Gañada a acta de deputado non era entón considerado por tal denantes de se sentar no Congreso. Cen furóns e cadelas da policía bulían en Madrid sobre dos seus pasos. Il vestido de vella chegou á porta do Congreso, desfíxose da farrapada, e nun chisco sentouse no Congreso, a sesión escomenzada, espertando olladas de tigre do "Espadón de Loja", marmurios da maioría, aplausos da minoría…"[8].

De volta do exilio, en xullo de 1854, Pereira sería o responsable do pronunciamento liberal na cidade de Pontevedra e foi nomeado Gobernador Civil da provincia, cargo no que duraría ata setembro[9].


A propósito deste período de Pereira como Gobernador Civil, di Xosé Manuel Salgado: "pouco afortunada debeu se-la actuación de Don Juan Manuel Pereira como Gobernador de Pontevedra, a xulgar polas protestas xurdidas en amplos colectivos da poboación. Xosé María Álvarez Blázquez recolleu unha nota da prensa local, non exenta de certa verbosidade retórica, na que se facía referencia a un escrito que os veciños de Vigo, indignados pola forma de proceder do seu gobernador, enviaron ó Ministro da Gobernación en datas inmediatamente anteriores ó 22 de agosto de 1854… A protesta dos 300 vigueses xurdiu fulminante efecto, pois o Gobernador foi destituído e nomeado no seu lugar Manuel Somoza, séndoo interinamente Atanasio Fontán…"

Non queremos deixar pasar esta pasaxe da vida de Pereira sen facer referencia a que por aquel entón Valle Bermúdez funcionario da Facenda local e viúvo dende abril, solicitaría en setembro o seu traslado a León. Á forza houberon de coincidir no tempo e no espacio daquela pequena vila de Pontevedra, os dous revolucionarios, os dous amigos do masón Indalecio Armesto.

7 Fonte: *Sumaria instruída contra Juan Manuel Pereira en outubro de 1848,* Fondo Blanco Cicerón do Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela.

8 Fonte: Artigo titulado: *O enamoradeiro fidalgo da bulsa sempre aberta*.

9 Fonte: *A Deputación de Pontevedra 1836-1986*, X. Fariña Jamardo e Miguel Pereira Figueroa.



Castelo de Santo Antón. A Coruña.


Nas eleccións do primeiro de outubro dese ano, volvería a ser elixido deputado xunto con outros progresistas que lindaban co republicanismo: Eduardo Ruíz Pons, Eduardo Chao Fernández e Manuel Bertamaní.

En 1867 vai de Vigo a Londres nun pequeno vapor, para visitar ó Xeneral Prim, e no transcurso da travesía corre os perigos dunha furiosa tempestade[10]. A motivación da viaxe, como di Barreiro, atópase nunha conspiración con epicentro na cidade da Coruña na que están implicados un sarxento dun rexemento de Infantería e outros progresistas da cidade, que remataría co fusilamento do sarxento e coa detención de varios oficiais e paisanos, entre eles Pereira, que, pese a todo, consegue fuxir e marchar a Inglaterra.

Volvería a ser detido e encerrado no castelo de Santo Antón na Coruña o día 19 de maio de 1868, por supoñelo implicado cos que preparaban a revolución dese ano. O castelo, situado nunhas rochas sobre o mar, está separado da terra; a Pereira pechárono nun calabozo incrustado na muralla, ó mesmo nivel do mar, filtrándose moita humidade que lle empapaba as roupas. Estivo incomunicado mes e medio, significando iso non só non ter visitas ou correspondencia, senón a privación tamén de libros.

Na lectura do oficio no que lle levantan dita medida, o Gobernador do Castelo diríalle que aínda tiña que seguirse a causa pola anterior fuga porque estaba sen amnistiar. Contesta Pereira que podían facer o que quixesen, pero se tal cousa se sabía na China ata alí se rirían; ó que lle replicaría o Gobernador: “Pues se reirán los chinos, pero se seguirá la causa”. Referíase o Gobernador a unha fuga que tivera lugar cando Pereira

[10] En *Romance de Lobos*, don Juan Manuel de Montenegro increpa ós mariñeiros polo medo



Curiosa escena de D. Juan Manuel Pereira en Siam. *La Ilustración Gallega y Asturiana*

estaba preso no Hospital Militar desa cidade.

O 29 de setembro de 1868 o pobo foi a recollelo en lanchas para sacalo da prisión e ó desembarcar no peirao, a multitude colleuno nos seus brazos e levouno en triunfo polas rúas, nomeándoo despois, por unánime aclamación, Presidente da Xunta de Goberno que entón se estableceu. Desta forma pasou do cárcere á cadeira da presidencia mentres o retrato de Prim paseábase pola cidade e o da raíña Isabel II era guindado polo balcón, como dicían as crónicas da época.

A Xunta de Goberno instituída na cidade coruñesa, ademais do persoeiro que nos ocupa, de recoñecida traxectoria liberal, estaba conformada polo comerciante Juan Montero Felinge, o enxeñeiro Francisco Cejudo, o relator de audiencia José María Patiño, o republicano Federico Tapia, os avogados Benito María Alonso, Diego Moreno de la Riba, Constantino Vázquez e Luís Vieira, e o médico, vello liberal, Hipólito Otero, que disolveron a Deputación nomeando outra presidida polo comerciante Andrés Garrido. O primeiro de outubro constituíron novo concello sendo elixido alcalde dunha corporación bastante dispar, onde se podían atopar dende exaltados republicanos ata enfervorizados monárquicos, como Julián Arias Carvajal[11].

O seu ardente iberismo, entre outras, foi unha das razóns que o moveu a ser un dos asinantes do manifesto do 12 de novembro dese ano, para que a coroa ibérica, dada polas Cortes Españolas, puidese adornar as sens dun monarca lusitano; ese mesmo desexo sería o motivo da súa non aceptación da presidencia da comisión de límites entre España e Portugal, coa que o Rexente o honrou, pola repugnancia que sentía en intervir na demarca-

11 Fonte: *Historia de Galicia,* de Xosé Ramón Barreiro Fernández.

ción de fronteiras entre os dous pobos, que el quixera ver borradas.

Por entón comeza a súa época dourada, con recoñecementos públicos ó seu labor político, sendo acordado en Ourense, polo Concello Pleno, o día 14 de novembro de 1868, o outorgar o nome de Juan Manuel Pereira[12] a, ata entón, rúa do Concejo e entrada principal á cidade, e o 30 de decembro de 1869 éralle concedida a Gran Cruz de la Orden de Isabel la Católica[13], a única da que facía gala, por ser, segundo as súas propias verbas, para recompensar servicios feitos á patria e que polo tanto significaba que, aínda en pequenísima escala, fixera algo polo seu país. Pola súa crenza de que non podería adquirir outro mérito que, realmente sen farsa nin engano, merecese nova distinción, non admitiu ningunha outra condecoración das de España[14].

A finais de agosto parte dende Madrid para Barcelona, co obxecto de embarcar cara a Asia, pero non atopa ningún barco con ese destino, polo que ten que ir por terra ata Marsella, onde o 3 de setembro de 1871, con cincuenta e un anos, logo de ser nomeado enviado extraordinario e Ministro Plenipotenciario no Imperio da China e nos reinos de Annan e Siam, embárcase na fragata Provenza, magnífico buque de vapor con profusión de comodidades. Pereira percorreu case todo o continente[15], e mesmo se preocupou de sacar unha instantánea subindo a un elefante, a petición da súa sufrida esposa dona Narcisa. Na viaxe, coincidiría con varios oficiais españois con destino a Filipinas, entre eles o vigués Andrés Alderete, que desembarcan en Singapur.

Pensando en ocupar un posto entre os inmortais, Pereira recolle notas das súas viaxes por Singapur, Bangkok, Hue, Manila, Macau, Hong Kong, Cantón, Shangai, Tiensing, Pekín, O Cairo, Alexandría e Nápoles xunto con lembranzas autobiográficas, que plasmaría máis tarde nunha publicación que sería editada en 1883, en Madrid, na imprenta de Gaspar Editores, e que titulará *Los Países del Extremo Oriente,* da que hai un exemplar no Pazo Museo Otero Pedrayo[16], en Trasalba, e que merecería unha reedición.

Estando en Pekín recibe correo de España onde lle comunicaban a variación do Ministerio en Madrid, facéndose cargo o Xefe do Partido Radical, sr. Ruíz Zorrilla, e desempeñando a carteira de Estado o sr. Martos. E, solicitado o seu regreso á península aproveitando a presencia do vapor La Provenza en porto embárcase de regreso, non sen antes entregar a legación ó sr. Soto o 1 de novembro de 1872, e recomendar ó príncipe Kong que nomease cónsules e embaixadores nos países de frecuente emigración de chinos, cousa que aquel Goberno fixo pouco tempo despois, nomeando representantes en varias cortes europeas.

Na viaxe de regreso, moi ó seu pesar, desembarcou do vapor francés en Suez co obxecto de visitar Exipto e todo o que iso implica: El Cairo, as pirámides, a Esfinxe, o templo de Armarchis, o museo de Bulag, etcétera. Tamén visitou Alexandría e Nápoles, regresando a Marsella 16 meses despois da súa partida. Rexeitou volver á península por terra a causa das faccións carlistas que bulían polo litoral dos Pirineos, embarcándose nun peque-


12 Fonte: Arquivo Municipal de Ourense, *Libros de Actas*.

13 Fonte: Arquivo Xeral do Ministerio de Asuntos Exteriores.

14 Fonte: *Los Países del Extremo Oriente*, de Juan Manuel Pereira. Quizais así se explique o porque de non aparecelo nome do Pereira entre os que solicitan medalla polos méritos contraídos en revolucións xa pasadas.

15 Fonte: *O señorito da Reboraina*, edición comentada por X.M. Salgado.

16 Aproveitamos a ocasión para agradecer as facilidades prestadas para a súa consulta á Directora da Biblioteca de Ourense Minia Martul e Susana González, da Fundación Otero Pedrayo.



D. Juan Manuel Pereira en Siam. *La Ilustración Gallega y Asturiana*

no vapor que fixo escala en Barcelona e Valencia. Por fin desembarcou en Alacante.

O 16 de xaneiro de 1873, Pereira chega a Madrid, despois de que, uns meses antes, fose elixido Senador pola provincia de Ourense[17], para non perderse a proclamación da Primeira República, que tería lugar o día 11 de febreiro. Nas eleccións de maio dese ano é novamente elixido Deputado a Cortes, xunto co xornalista Indalecio Armesto, o médico Ramón Pérez Custales, o intelectual Eduardo Chao, José Ojea, Juan Manuel Paz Novoa, Jesús Montero Felinge, Francisco Suárez e Segundo Moreno Barcia, tamén republicanos.

En agosto de 1883, o seu vello amigo Emilio Castelar, un dos presidentes da brevísima Primeira República —quen preferira dimitir dese cargo a ter que asinar unha sentencia de morte—, logo de acudir a un acto literario celebrado no teatro Tamberlick, en Vigo, encamiñou os seus pasos a Redondela, a casa do seu amigo. Probablemente a fotografía aparecida en *Historias de las Rías*, publicada por *Faro de Vigo*, da autoría de José Antonio Orge, na que aparecen Pereira e Castelar xunto ó carballo das cen polas de Reboreda, corresponde a eses días.

Ás 11 da mañá do 15 de abril de 1896, próximo a cumprir os setenta e seis anos, falecía na súa casa de Barbaña, coma consecuencia dunha anemia xeral[18], o ex embaixador, deputado, revolucionario, mullereiro ata o derradeiro momento, don Juan Manuel

17 Xoán Manuel Pereira recibe a noticia de mans do Sr. Otín en Tiensing e sorpréndese tanto que incluso se bota a rir, pois non comprende que, sen indicación súa e a catro mil leguas de distancia sucedese tal nomeamento. Días máis tarde élle confirmada polo vicecónsul de Shangai, Sr. Esperanza, que ante as dúbidas de Pereira tenlle que amosar a *Gaceta de Madrid* onde ven publicado, e onde observou que os electores de Ourense tiveran a bondade de acordarse do amigo a tan longa distancia. Fonte: *Los Países del Extremo Oriente*.

18 Transcrición da partida de defunción facilitada polo seu sobriño tataraneto Jesús Rodríguez Martínez.

Pereira de Castro. Reproducimos a nota aparecida no diario *La Integridad,* de Tui:

> "…falleció en su casa de Barbañas, en las inmediaciones de Orense el ex embajador de España en China Excmo. Sr. Juan Manuel Pereira. Durante su permanencia cerca de la corte del celeste imperio redactó una memoria de las costumbres de aquel país, en extremo curioso, que publicó más tarde. Fué diputado a Cortes Constituyentes… recibió los santos sacramentos dela penitencia, comunión y extremaunción".

Máis adiante, o mesmo periódico, que parece contradicir a don Vicente Risco cando este manifesta que fora enterrado na cidade auriense, indicaba:

> "Por el Goberno Civil de Ourense se concedió autorización para trasladar desde aquella capital a Redondela el cadáver del Excmo. Sr. Juan Manuel Pereira"[19].

Tamén reproducimos a nota aparecida en *El Pueblo*, de Redondela, correspondente ó día 16 de abril:

> "Ayer ha fallecido en una de sus posesiones cerca de la ciudad de Orense el Excmo. Sr. don Juan Manuel Pereyra —el señorito de Reboreda— como se le llamaba familiarmente, sorprendiendo la noticia, dadas sus bellas y no comunes cualidades, podemos decir que á toda la población, y sobre todo á la aldea inmediata de Reboreda en donde era, como se ha dicho mil veces, el padre de los pobres[20].

En el tren descendente, llegado á la estación del ferro-carril á las nueve y media de


El Pueblo

AÑO II. | DIRECTOR: | Redondela 16 de Abril de 1896. | ADMINISTRACIÓN: | NÚM.

UNA EXPLICACIÓN

El Pueblo. Hemeroteca do Mosteiro de Poio (Pontevedra)

la mañana, llegó el cadáver en un wagon, en caja de zinc; y á pesar de la inesperada noticia, que no se ha podido extender en pocas horas, han concurrido á la estación muchos y escogidos amigos del finado, que aumentaban a cada paso que daba la comitiva.

La edad avanzada, pues contaba 77 años, los achaques, enfermedades y sinsabores que acibararon ultimamente su existencia, lo llevaron al sepulcro antes de haber cedido a la vejez, dejando un hogar enlutado, y más que todo, muchísimos corazones que recordarán eternamente sus bondades.

Y mientras no dedicamos á tan distinguido personaje algunos rasgos biográficos, elevamos fervientes votos para que su alma haya merecido la misericordia de Dios y á la familia del cumplido caballero, la expresión de nuestro sentimiento más profundo."[21]

[19] Fonte: *La Integridad de Tui*, 17/04/1896 e seguintes.

[20] Nótese a coincidencia do apelativo que Valle-Inclán recolle en *Águila de blasón* referido a Juan Manuel de Montenegro: "¡Era el padre de los pobres!", "¡La Santísima Virgen María no ha permitido que los pobres nos quedásemos sin padre!". Incluso a coincidencia de que a patroa de Reboreda sexa tamén Santa María.

[21] Hai certa confusión sobre a data de nacemento de Juan Manuel Pereira, e así se reflexa en distintos documentos: *El Pueblo*, di que morreu ós 77 anos; a partida de defunción, ós 73; coidamos que a partida de bautismo é esclarecedora, e polo tanto Pereira morreu cando contaba 75 anos, dez meses e 22 días.

Resumimos a nota do seu funeral que se celebrou o día 17 de abril, segundo *El Pueblo* do día 19:

> "…ante un numeroso público de Orense, de esta Villa y de las parroquias limítrofes con acompañamiento de 15 señores sacerdotes, presidiendo el duelo los sobrinos políticos del finado y el heredero del mayorazgo[22] que ocupaba el lugar de preferencia que tenía el Sr. Pereyra en el presbiterio de la iglesia…
>
> Descanse en paz el hombre singular que solo tuvo el defecto de ser… bueno en este mundo!"

Un ano máis tarde, como si se tratara dun episodio de *Romance de Lobos,* os herdeiros comezarían un preito sobre da testamentaria de Don Juan Manuel Pereira de Castro, que habería de durar case que vinte anos.

Os problemas principiarían pola veciñanza do finado e entre os xulgados de Ourense e Redondela, que se disputan a competencia para levala a cabo e que chegarían á Sala do Civil da Audiencia da Coruña. Por tal motivo, dicían as crónicas periodísticas naquel ano, a finca do prado de Reboreda, que o defunto abrira ós veciños para o seu goce durante o transcurso da festa parroquial de Reboreda, non sería aberta ós romeiros[23]. En 1916 o Padroado pasa definitivamente ás mans dos fillos da súa irmán Rita Pereira de Castro.

Cando Valle describe en *Romance de Lobos* a paisaxe e casa de Montenegro, semella a descrición de Reboreda e o Pazo de Pereira: ó lonxe o cemiterio, o río e as terras de labranza no medio, a Vila embaixo con "¡Viejas calles de una vieja villa feudal, con iglesias, con caserones, con huertos conventuales!"; ata se nos antolla que a acción comeza un día 6 ou 21, e cando as feiras choqueiras tiñan un aquel de festa e romaría. Ata non se esquece das barbas tinguidas de prata da súa madurez nin do seu maior pecado: as mulleres, que recalca en *Águila de Blasón*, cando di: "…y mueve la ola de su barba y sus cabellos blancos…". "Es uno de esos hidalgos mujeriegos,…"[24].

Antes de rematar esta pequena aproximación á figura de Don Juan Manuel Pereira e quen cremos o seu arremedo, Don Juan Manuel de Montenegro, quixeramos dar conta de dúas citas: unha do profesor X.R. Barreiro, incluída no traballo mencionado anteriormente, referíndose ó protagonista da novela de Otero Pedrayo, *O señorito da Reboraina*, amigo de Valle-Inclán, a describe coma "a crónica novelada dunha biografía excepcional, a biografía de Don Xoán Manuel Pereira de Castro, o fidalgo de Reboreda, conspirador, embaixador na China, polígamo, republicano e posiblemente masón."; e doutra cita, esta do mesmo Otero Pedrayo, referida tamén ó noso fidalgo Don Juan Manuel Pereira: "Tiña polo humorismo algo de Pedro Madruga; pola popularidade, dos xefes dos irmandiños; pola ciencia sotil do amor, do cabaleiro Casanova. O abourante maorazgo Montenegro do *Romance de lobos* tamén se chamaba don Xoán Manuel. É estraño o que Valle-Inclán nono fixera galanteare ó luar máxico dos seus pazos… Don Ramón soubo de il, e quizais o coñeceu…"[25].

22 Manuel Avalle Pereira, segundo a transcrición do testamento facilitada polo seu sobriño tataraneto Jesús Rodríguez Martínez.

23 Fonte: *El Pueblo*, de Redondela, 4 de marzo de 1897 e seguintes.

24 Recollemos un dos seus piropos na última frase do seu libro *Los Países del Extremo Oriente*: "…ni mucho menos con la graciosa lectora que se digne fijar sus hermosos ojos en estas páginas." Lémbrese que cando se publicou, Pereira xa contaba con 60 anos.

25 Fonte: Artigo titulado "O enamoradeiro fidalgo da bulsa sempre aberta", de Ramón Otero Pedrayo, publicado en maio de 1968 con motivo das festas da Coca dese ano, editado polo Concello de Redondela.



Ramón María del Valle-Inclán, héroe de crónica en el Perú

(Un artículo olvidado de José Carlos Mariátegui)

Antonio Espejo Trenas

